

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de xullo de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezanove de xullo de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(928).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 11/936, 14/15724.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes das traballadoras sociais e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 7.07.04, conformado polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda conceder a prestación do Servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D. Laureano Rodríguez Rodríguez. Expte. 14/15724.
- D^a. Ana Otero Caride. Expte. 11/936.

2(929).- CONVENIO DE COFINANCIAMENTO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O CONCELLO DE VIGO, PARA O PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E PROMOCIÓN DA SAÚDE. EXPTE. 10932/301.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico do departamento de Benestar Social, do 28.06.04, conformado polo concelleiro-delegado da área de Acción Social, que di o seguinte:

Anualmente, dende os últimos anos, este Concello de Vigo ven asinando convenios de colaboración co Plan de Galicia sobre Drogas, para programas de prevención.

En xuntanza mantida polo Sr. Concelleiro – Delegado de Asuntos Sociais e o técnico que asina o presente, co Xefe de Servicio de Prevención do PGD, téñense acordado os programas e estratexias de intervención para este ano 2004 e primeiro trimestre do 2005, así como as cantidades a aportar por cada administración.

Por iso, para dar cumprimento o acordado, debe ser remitida a documentación administrativa necesaria, previamente a asinatura do Convenio.

Así, solicítase da Xunta de Goberno Local :

1º Aprobe acorda-la subscripción dun Convenio de Cofinanciamento entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Vigo, para o Programa de Prevención de Drogodependencias e Promoción da Saúde, durante o período que reste do presente ano 2004 e o primeiro trimestre do 2005.

2º Aprobe a disposición dun total de 22.500 euros da partida 313.0.227.06.08 de Benestar Social para facer fronte á parte correspondente de cofinanciamento do citado Convenio neste ano 2004, e un total de 7.500 euros no vindeiro ano 2005, de existir dotación económica suficiente e adecuada nos presupostos dese ano. A cantidade resultante como aportación do Concello de Vigo ó convenio a asinar será de 30.000 euros.

Nembargantes, esa Xunta de Goberno Local, acorde o que estime oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

3(930).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN XUVENIL ABERTAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES PARA O PROGRAMA DE APOIO Á INFANCIA. EXPTE. 10862/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o conforme xurídico do técnico de Admón. Xeral, do 18.06.04, e de acordo co informe-proposta do técnico do departamento de Benestar Social, do 4.06.04,

conformado polo xefe do Sector de Acción Social, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de Colaboración coa Asociación Xuvenil Abertal para o desenvolvemento de actividades para o programa de apoio á infancia.

2º.- Aprobar o gasto de 13.000 (trece mil) euros, cantidade que cubrirá os custos do proxecto, sendo o importe total do citado convenio, con cargo á partida 313.0.227.08.06. Programa Menores- Convenio Infancia de Benestar Social.

3º.- Delegar a competencia de asina-lo Convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Xuvenil Abertal para o desenvolvemento de actividades para o programa de apoio á infancia, en don Ignacio López-Chaves Castro, Concelleiro-Delegado da Área de Asuntos Sociais.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E
A ASOCIACION XUVENIL “ABERTAL”*

En Vigo a de abril de 2004

REUNIDOS

Dunha parte:

D. Ignacio Javier López-Chaves Castro, Concelleiro – Delegado da Area de Benestar Social do Concello de Vigo, nomeada por decreto de Delegación de data 2 de xaneiro de 2004, e segundo acordo de Xunta de Goberno Local de data de 2004 en representación do mesmo.

doutra

D. Francisco Javier Maillo Calama, con NIF: 36.096.349-B, Presidente da Asociación Xuvenil “Abertal”, inscrita a modificación de estatutos por resolución do 13/1/2004 da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, de acordo co artigo 26 dos citados estatutos e por acordo da Xunta Directiva de data 30 de marzo de 2004.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para conveniar en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1.- Que as accións desenvolvidas para a atención dos menores en situación de risco dende equipos multidisciplinares, relacionando institucións como a escola, os servizos sociais, e a propia familia, estanse a amosar como o xeito máis adecuado de traballo.

O Concello de Vigo, diante desas necesidades, relacionadas coa problemática que se amosa na escola, lugar onde se manifestan non só os problemas de tipo educativo, senon tamén familiares e de relación, ten iniciado accións para atender aquelas.

Evita-la inadaptación e a exclusión social, artellando a incorporación dos menores con procesos de socialización deficitarios á estrutura social, ten sido un obxectivo primordial no deseño e posta en marcha de proxectos como o que se está a desenvolver con aqueles dende esta concellería.

Artellar unha estrutura que atenda a problemática dos menores , tanto a vivida ou sentida como a provocada en terceiros, ten sido un obxectivo prantexado coa posta en marcha do proxecto referido. Precísase nembargantes, desenvolver estruturas complementarias mediante proxectos que consoliden o labor iniciado cos menores.

2.- As accións de carácter preventivo centradas na inadaptación social, téñense amosado como eficaces, polo que ese feito fai pensar na necesidade de continuar con elas.

3.- A Constitución, no seu artigo 39, impón a obriga dos poderes públicos de dispensar unha protección xurídica, económica e social ás familias, os nenos e as nenas e os adolescentes e as adolescentes, no canto ós dereitos que lles son recoñecidos polas normas convencionais e acordos internacionais. Destácase aquí a Convención dos Dereitos do Neno e a Nena da ONU, do 20 de novembro de 1989, ratificado polo Reino de España.

4.- O Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da protección da familia, da infancia e a adolescencia, no seu artigo 27, apartados 23 e 24, nos seus títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

5.- A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.1, dí que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer-las necesidades e aspiracións da comunidade.

6.- A Lei 3/1997, de 9 de xuño, Galega da Familia, da Infancia e da Adolescencia, di no seu artigo 3º, principios retores, no canto á primacía do interese do neno e a nena e do/da adolescente sobre calquera outro (apartado 3) e a coordinación de actuacións con todo tipo de organismos e institucións, públicas, privadas, que interveñan na protección, defensa e atención á familia, á infancia e á adolescencia, promovendo criterios comúns e actuacións múltiples nas ordes familiar, educativa, sanitaria, cultural e social (apartado 9).

7.- A Asociación Xuvenil “Abertal” é unha entidade con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar de conformidade co establecido no ordeamento xurídico.

Segundo consta nos estatutos de dita Asociación, modificados para adapta-los ás previsións da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria de asociados de data 24 de outubro de 2003, inscrita a modificación de estatutos por resolución do 13/1/2004 da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.

No mesmo artigo, apunta coma fins “prestar todo tipo de servizos educativos e sociais ós nenos/as e mozos...” “... de acordo coas súas necesidades e intereses”, desenvolver proxectos de “intervención socioeducativa”, ofrecer “espacios e locais de encontro”, e “facilitar a inserción social”, entre outras fins recollidas nos estatutos.

8.- O Concello de Vigo reconece á Asociación Xuvenil Abertal, a súa capacidade para a realización das accións do proxecto, amosado nas desenvolvidas con anterioridade en colaboración con éste, valoradas técnicamente polo persoal municipal.

9.- Este Convenio queda excluído do ámbito de aplicación do Real Decreto Legislativo 2/2000 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

e segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente as partes capacidade de obrar para afrontar as accións motivo de convenio, acordan suscribi-lo presente de acordo coas seguintes

CLAUSULAS

Primeira : Obxecto - O Obxecto do presente convenio é a colaboración para o desenvolvemento dentro do Programa Xenérico de Apoio ó Menor, dun Proxecto de Integración de rapaces e rapazas en Actividades de Lecer, sendo beneficiarios do mesmo, os nenos e nenas que compoñen o citado programa.

Segunda : Finalidade - A finalidade do convenio é desenvolver por un período de tempo que non exceda do 31 de decembro de 2004, unha serie de actividades centradas por unha banda nas que desenvolve o centro xuvenil Abertal e por outra, actividades de complemento de aquelas supervisadas por educadores cualificados.

Terceira : Funcións - As entidades velarán pola correcta e profesional actuación no eido da exclusión social, en particular no canto a prevención e tratamento da violencia, dispoñendo os recursos materiais e humanos necesarios, sendo as encargadas de proxectar, desenvolver e avaliar, as accións motivo do convenio.

A Asociación Xuvenil Abertal, será a encargada de organizar, desenvolver, avaliar, e cantas outras medidas sexan necesarias para a realización das accións motivo do convenio.

Será función do Concello de Vigo aporta-los recursos financeiros necesarios, supervisa-lo cumprimento das fins do proxecto, e facilita-la realización das accións motivo de convenio. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos, atraveso da Comisión de Seguimento que se contempla na cláusula oitava.

Cuarta : Destinatarios - serán destinatarios do proxecto os menores que conforman o grupo de risco determinado polo Equipo de Intervención do Programa de Menores.

Quinta : Duración - terá vixencia durante o ano 2004, ata o 31 de decembro dese ano.

Sexta : Condicións económicas - as condicións económicas que se asumen para a posta en marcha do presente proxecto serán por un importe total de 13.000 (trece mil) euros. Serán con cargo á partida 313.0.226.08.06.

do Programa de Infancia e Menores de Benestar Social, no orzamento dese ano 2004, ou á bolsa de vinculación correspondente.

O precio máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún.

Sétima : Relación contractual - a sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha do persoal encargado da organización, desenvolvemento ou calquera outra tarefa do proxecto, coa administración municipal.

Oitava : Seguimento e avaliación - Para o seguimento do convenio, así como para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante.

Novena : Difusión do proxecto - a difusión do proxecto será por conta exclusiva do Concello de Vigo, excepto o que se indica na cláusula decimoterceira.

Décima : Avaliación e control do proxecto - a entidade que desenvolve o proxecto, facilitará o acceso dos profesionais do Concello de Vigo ás mesmas, para un meirande control do proceso.

A Asociación Xuvenil Abertal, comprométese a facer avaliación e memoria de cada unha das accións motivo de convenio, así como unha memoria e avaliación final.

Undécima : - Polo presente Convenio, a Asociación Xuvenil Abertal, comprométese a:

a – Desenvolve-las actividades, proxectos, ou accións que se especifican no anexo, (discutidos previamente por persoal técnico das entidades), atendendo ás orientacións e/ou variacións que se podan acordar polas partes, mediante a Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas dende o Concello de Vigo.

b – Dispoñe-los medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento de aquelas.

c - Encargarse de face-los pagos das cantidades correspondentes a terceiros no que respecta a persoal, publicidade, seguros, alugueres, etc., motivados polas accións emprendidas neste convenio, e segundo se especifica no anexo.

d - Presentar ó Concello informes do desenvolvemento das accións, de avaliación e un informe de avaliación final completo.

e - Introducir calquera outra acción tendente ó correcto desenvolvemento do proxecto, sempre de acordo coas orientacións xerais da Comisión de Seguimento.

f – Dispo-los medios para que tódalas actividades desenvolvidas contén cos seguros, persoal titulado, etc. cara á súa correcta execución.

g - A redacción de textos, material gráfico e outro material escrito, así como dos contidos das actividades concretas que o compoñen.

h – Atende-las indicacións técnicas do persoal técnico municipal, cando sexan precisas para o correcto desenvolvemento das actividades.

i - Aterse ás datas e condicións marcadas nos anexos.

k - Participar nas reunións de coordinación marcadas, e a petición do persoal técnico do Concello.

l – Incluí-lo escudo e imaxe do Concello de Vigo en toda publicidade ou documentación relacionada con este proxecto.

Duodécima: - O Concello de Vigo, pola súa banda, comprométese a:

a – Garanti-la prestación adecuada das actividades e servizos motivo de convenio, como responsable último de todo o proxecto.

b – Articula-los medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das accións.

c – Dispo-los medios económicos precisos para cubri-los gastos das actividades que lle corresponden segundo o proxecto.

Normas Complementarias:

Decimoterceira: - A pesares de que toda a difusión das actividades deberá ser realizada polo Concello de Vigo, poderá ser exceptuada aquela que, de xeito puntual, sexa decidida pola Comisión de Seguimento.

Decimocuarta: - Tódolos materiais e instrumentos necesarios para o correcto desenvolvemento do proxecto serán aportados pola entidade que desenvolve as accións, a Asociación Xuvenil Abertal, excepto nos casos nos que sexa o Concello quen realice dita aportación, e como acordo entre as partes.

Así mesmo, por acordo expreso das partes asinantes do presente convenio, poderá contarse coa colaboración de calquera outra entidade que poida contribuir ó desenvolvemento do proxecto, tanto polo que respecta a recursos humanos como técnicos ou de outro tipo.

Dita colaboración, (non puntual), deberá ser recollida nunha Addenda anexa ó presente convenio, coa conformidade dos asinantes do mesmo, e recollendo expresamente as condicións que sexan necesarias.

Decimoquinta: - O Concello de Vigo será o interlocutor con calquera asociación, institución, administración ou entidade nos contactos que resulten do proxecto. Así mesmo, calquera realización conxunta de actividades ou colaboracións con terceiros, deberá contar co visto e prace da Comisión de Seguimento.

Acordos para resolucións, cancelación ou renovación:

Decimosexta - Como norma última, será o Concello quen teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente Convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Decimosétima - O incumprimento do especificado nas cláusulas, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.

De se-la Asociación Xuvenil Abertal a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado por adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma á entidade financiadora, no momento do cancelamento.

Presuposto, pago e xustificación:

Decimoitava – O Concello de Vigo afrontará os gastos que lle corresponden, por un importe total de 13.000 (trece mil) euros, con cargo á partida 313.0.226.08.06. do Programa de Infancia e Menores de Benestar Social, que cubrirán os custos do proxecto.

Decimonovena - o prezo máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún. Polo que respeita ás cantidades destinadas a cada acción, ás que se fai referencia no anexo, poderán ser modificadas por acordo da Comisión de Seguimento e sen que supoña, en ningún caso, incremento do prezo total indicado.

Vixésima – Con referencia ó pagamento das cantidades acordadas como presuposto do proxecto motivo do presente convenio, o Concello de Vigo, en calidade de entidade financiadora aboará á entidade prestadora do servizo (Asociación Xuvenil Abertal) unha cantidade inicial de 6.000 (seis mil) euros, tras da asinatura do convenio, para facer fronte ós gastos xerados polo comenzo das accións.

O resto do importe da cantidade presupostada, 7.000, (sete mil) euros, será abonado en dous prazos. O correspondente ó segundo pago de 4.000 (catro mil) euros, será tramitado unha vez que se teñan desenvolvido, canda menos, o 50% das accións propias do proxecto, debendo ser certificado polo responsable técnico municipal encargado do proxecto.

O terceiro e derradeiro pago da cantidade restante, 3.000 (tres mil) euros, será tramitado unha vez sexa certificado polo responsable técnico municipal a realización do proxecto.

Vixésimoprimeira - a xustificación do gasto farase mediante a presentación das facturas e xustificantes por parte da entidade executora (Asociación Xuvenil Abertal) ó Concello de Vigo, ó persoal técnico designado como responsable do proxecto.

Vixencia:

Vixésimosegunda - O presente convenio estará vixente ata o remate das accións, e/ou ata o 31 de decembro de 2004.

De acordarse a continuación da colaboración entrambas entidades asinantes no proxecto motivo de asinatura do presente convenio, só será preciso a redacción, trámite, aprobación e sinatura dun novo convenio, no caso de que se afecte ós contidos do presente de xeito significativo. De non ser así, bastará coa sinatura dunha addenda tras de ser realizado-los trámites administrativos necesarios.

Así mesmo, e como aparece recollido na Clausula Decimocuarta, por acordo expreso das partes asinates do convenio, a colaboración de calquera outra entidade que poida contribuir ó desenvolvemento do proxecto, deberá ser recollida nunha Addenda anexa.

Acordo final:

Vixésimoterceira - Este convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Xuvenil Abertal, poderá ter algunha ampliación nos contidos, persoal asistente, etc., de acordarse así polos asinantes a traveso da Comisión de Seguimento. Deberá facerse constar nun anexo, informado debidamente polos técnicos competentes das entidades, e sen que supoña aumento das cantidades conveniadas ou modificación dos contidos fundamentais de aquél. Todo elo sen que sexa preciso a asinatura dun novo convenio, excepto no especificado na cláusula vixésimosegunda.

Estando de acordo as partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo a de de dous mil catro.

4(931).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN PLAN COMUNITARIO DE TEIS PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE ATENCIÓN Ó MENOR EN TEIS. EXPTE. 10861/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o conforme xurídico do técnico de Admón. Xeral, do 18.06.04, e de acordo co informe-proposta do técnico do departamento de Benestar Social, do 7.06.04, conformado polo xefe do Sector de Acción Social, o concelleiro delegado da Área de Acción Social e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de Colaboración coa Asociación Plan Comunitario de Teis para o desenvolvemento dun Proxecto de Atención ó Menor (“P.A.M. – Teis”) de intervención psicosocial para nenos e nenas de sete a doce anos do barrio de Teis, dentro do programa xenérico de Prevención da Violencia e Intervención con Menores.

2º.- Aprobar o gasto de 9.021,57 (nove mil vinte e sete euros con cincuenta e sete céntimos de euro), cantidade que cubrirá os custos do proxecto neste ano 2004, sendo o importe total do citado convenio. Faráse con cargo á partida 313.0.227.06.08. de Benestar Social.

3º.- Delegar a competencia de asina-lo Convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Plan Comunitario de Teis para o desenvolvemento dun Proxecto de Atención ó Menor (“P.A.M. – Teis”) en don Ignacio J. López-Chaves Castro, Concelleiro-Delegado da Área de Asuntos Sociais.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O PLAN COMUNITARIO DE TEIS
PARA UN PROXECTO DE ATENCIÓN Ó MENOR EN TEIS

En Vigo a de abril de 2004

REUNIDOS

Dunha parte:

D. Ignacio Javier López-Chaves Castro, Concelleiro – Delegado da Area de Benestar Social do Concello de Vigo, nomeado por decreto de Delegación de data 2 de xaneiro de 2004, e segundo acordo de Xunta de Goberno Local de data de abril de 2004 en representación do mesmo.

doutra

D. Xermán Fernández Blanco, con DNI. 35.997.778, presidente do Plan Comunitario de Teis, elixido en Asemblea Xeral de data 23 de maio de 1996, e segundo consta no artigo 23º dos estatutos da asociación, que lle atribúen a representación pública do mesmo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

1.- Que as accións desenvolvidas para a atención dos menores en situación de risco dende equipos multidisciplinares, relacionando institucións como a escola, os servizos sociais, e a propia familia, estanse a amosar como o xeito máis adecuado de traballo.

O Concello de Vigo, diante das necesidades, relacionadas coa problemática que se amosa na escola, lugar onde se manifiestan non só os problemas de tipo educativo, senon tamén familiares e de relación, ten iniciado accións para atender aquelas.

Evita-la inadaptación e a exclusión social, artellando a incorporación dos menores con procesos de socialización deficitarios á estrutura social, ten sido un obxectivo primordial no deseño e posta en marcha de proxectos como o que se está a desenvolver con aqueles dende esta concellería.

Artellar unha estrutura que atenda a problemática dos menores , tanto a vivida ou sentida como a provocada en terceiros, ten sido un obxectivo prantexado coa posta en marcha do proxecto referido. Precísase nembargantes, desenvolver estruturas complementarias mediante proxectos que consoliden o labor iniciado cos menores.

2.- As accións de carácter preventivo centradas na inadaptación social, en concreto as dirixidas ós máis pequenos, téñense amosado como eficaces. Por esta razón, a experiencia desenvolvida dende a administración e dende outras entidades de participación centradas no traballo na comunidade, fan pensar na necesidade de continuar con elas.

3.- A Constitución, no seu artigo 39, impón a obriga dos poderes públicos de dispensar unha protección xurídica, económica e social ás familias, os nenos e as nenas e os adolescentes e as adolescentes, no canto ós dereitos que lles son recoñecidos polas normas convencionais e acordos internacionais. Destácase aquí a Convención dos Dereitos do Neno e a Nena da ONU, do 20 de novembro de 1989, ratificado polo Reino de España.

4.- O Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da protección da familia, da infancia e a adolescencia, no seu artigo 27, apartados 23 e 24, nos seus títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

5.- A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.1, dí que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servicios públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.

6.- A Lei 3/1997, de 9 de xuño, Galega da Familia, da Infancia e da Adolescencia, di no seu artigo 3º, principios rectores, no canto á primacía do interese do neno e a nena e do/da adolescente sobre calquera outro (apartado 3) e a coordinación de actuacións con todo tipo de organismos e institucións, públicas, privadas, que interveñan na protección, defensa e atención á familia, á infancia e á adolescencia, promovendo criterios comúns e actuacións múltiples nas ordes familiar, educativa, sanitaria, cultural e social (apartado 9).

7.- No artigo 7 da Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia, sobre Drogas, en referencia ó establecemento de programas preventivos de carácter comunitario, dise que a fin do establecemento dos mesmos, faise coa fin de “incrementa-la solidariedade social e unha valoración positiva da saúde e benestar individual e colectivo, potenciando a diminución de desigualdades sociais e factores de marxinación favorecedores do consumo de drogas”

8.- Nos estatutos da Asociación Plan Comunitario de Teis, no artigo 3º, fanse constar entre os obxectivos a acadar: “a) fomentar a interacción no barrio de tódolos sectores sociais”; “e) desenvolver proxectos e actividades tendentes á potenciación da saúde, educación, cultura...” e benestar”; “f) fomenta-la participación cidadá na resolución dos problemas que lles afecten”; “g) realizar todo tipo de intervención lexitima para mellora-la calidade de vida dos cidadáns”.

9.- O Concello de Vigo recoñece á Asociación Plan Comunitario de Teis, a súa capacidade para a realización das accións do proxecto, amosado nas desenvolvidas con anterioridade en colaboración con ésta, e pola súa participación en proxectos conxuntos con esta administración (como o Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo) valoradas técnicamente polo persoal municipal.

10.- Este Convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 13/95, do 18 de maio, de contratos das Administracións Públicas.

e segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente as partes capacidade de obrar para afrontar as accións motivo de convenio, acordan suscribi-lo presente de acordo coas seguintes

CLAUSULAS

Primeira : Obxecto - O Obxecto do presente convenio é a colaboración para o desenvolvemento dentro do Programa Xenérico de Apoio ó Menor, dun Proxecto de Atención ó Menor "P.A.M. – Teis", (na liña do convenio asinado con anterioridade), de intervención psicosocial para nenos e nenas de sete a doce anos do barrio de Teis, sendo beneficiarios do mesmo, os nenos e nenas que compoñen o citado programa, inicialmente e por extensión os nenos e nenas da zona.

Segunda : Finalidade - A finalidade do convenio é desenvolver polo período de tempo que abarca o presente ano 2004, unha serie de actividades centradas no apoio educativo, apoio escolar e de integración nas actividades de lecer dos nenos e nenas destinatarios do proxecto.

Terceira : Funcións - As entidades velarán pola correcta e profesional actuación no eido do traballo cos nenos e nenas, en particular no canto á prevención e tratamento das condicións de inadaptación e/ou violencia nos máis novos e seu entorno inmediato, dispoñendo os recursos materiais e humanos necesarios, sendo as encargadas de proxectar, desenvolver e avaliar, as accións motivo do convenio.

A Asociación Plan Comunitario de Teis, será a encargada de organizar, desenvolver, avaliar, e cantas outras medidas sexan necesarias para a realización das accións conveniadas.

Será función do Concello de Vigo aporta-los recursos financeiros necesarios, supervisa-lo cumprimento das fins do proxecto, e facilita-la realización das accións motivo de convenio. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos, a través da Comisión de Seguimento que se contempla na cláusula oitava.

Cuarta : Destinatarios - serán destinatarios do proxecto os menores que conforman o grupo de risco determinado polo Equipo de Intervención do Programa de Menores.

Quinta : Duración - terá vixencia durante o presente ano 2004.

Sexta : Condicións económicas - as condicións económicas que se asumen para a posta en marcha do presente proxecto serán por un importe total de 9.021,57 (nove mil vinte e un con cincuenta e sete céntimos) euros, con cargo á partida partida 313.0.227.08.06. Programa Menores-Convenio Infancia de Benestar Social.

O precio máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún.

Sétima : Relación contractual - a sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha do persoal encargado da organización, desenvolvemento ou calquera outra tarefa do proxecto, coa administración municipal.

Oitava : Seguimento e avaliación - Para o seguimento do convenio, así como para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante.

Novena : Difusión do proxecto - a difusión do proxecto será por conta exclusiva do Concello de Vigo, excepto o que se indica na cláusula decimoterceira.

Décima : Avaliación e control do proxecto - a entidade que desenvolve o proxecto, facilitará o acceso dos profesionais do Concello de Vigo ás mesmas, para un meirande control do proceso.

A Asociación Plan Comunitario de Teis, comprométese a facer avaliación e memoria de cada unha das accións motivo de convenio, así como unha memoria e avaliación final.

Undécima : - Polo presente Convenio, a Asociación Plan Comunitario de Teis, comprométese a:

a – Desenvolve-las actividades, proxectos, ou accións que se especifican no anexo, (discutidos previamente por persoal técnico das entidades), atendendo ás orientacións e/ou variacións que se podan acordar polas partes, mediante a Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas dende o Concello de Vigo.

b – Dispoñe-los medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento de aquelas.

c - Encargarse de face-los pagos das cantidades correspondentes a terceiros no que respecta a persoal, publicidade, seguros, alugueres, etc., motivados polas accións emprendidas neste convenio, e segundo se especifica no anexo.

d - Presentar ó Concello informes do desenvolvemento das accións, de avaliación e un informe de avaliación final completo.

e - Introducir calquera outra acción tendente ó correcto desenvolvemento do proxecto, sempre de acordo coas orientacións xerais da Comisión de Seguimento.

f – Dispo-los medios para que tódalas actividades desenvolvidas contén cos seguros, persoal titulado, etc. cara á súa correcta execución.

g - A redacción de textos, material gráfico e outro material escrito, así como dos contidos das actividades concretas que o compoñen.

h – Atende-las indicacións técnicas do persoal técnico municipal, cando sexan precisas para o correcto desenvolvemento das actividades.

i - Aterse ás datas e condicións marcadas nos anexos.

k - Participar nas reunións de coordinación marcadas, e a petición do persoal técnico do Concello.

l - Incluí-lo escudo e imaxe do Concello de Vigo en toda publicidade ou documentación relacionada con este proxecto.

Duodécima: - O Concello de Vigo, pola súa banda, comprométese a:

a - *Garanti-la prestación adecuada das actividades e servicios motivo de convenio, como responsable último de todo o proxecto.*

b - *Articula-los medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das accións.*

c - *Dispo-los medios económicos precisos para cubri-los gastos das actividades que lle corresponden segundo o proxecto.*

Normas Complementarias:

Decimoterceira: - A pesares de que toda a difusión das actividades deberá ser realizada polo Concello de Vigo, poderá ser exceptuada aquela que, de xeito puntual, sexa decidida pola Comisión de Seguimento.

Decimocuarta: - Tódolos materiais e instrumentos necesarios para o correcto desenvolvemento do proxecto serán aportados pola entidade que desenvolve as accións, a Asociación Plan Comunitario de Teis, excepto nos casos nos que sexa o Concello quen realice dita aportación, e como acordo entre as partes.

Así mesmo, por acordo expreso das partes asinates do presente convenio, poderá contarse coa colaboración de calquera outra entidade que poida contribuir ó desenvolvemento do proxecto, tanto polo que respecta a recursos humanos como técnicos ou de outro tipo.

Dita colaboración, (non puntual), deberá ser recollida nunha Addenda anexa ó presente convenio, coa conformidade dos asinantes do mesmo, e recollendo expresamente as condicións que sexan necesarias.

Decimoquinta: - O Concello de Vigo será o interlocutor con calquera asociación, institución, administración ou entidade nos contactos que resulten do proxecto. Así mesmo, calquera realización conxunta de actividades ou colaboracións con terceiros, deberá contar co visto e prace da Comisión de Seguimento.

Acordos para resolucións, cancelación ou renovación:

Decimosexta - Como norma última, será o Concello quen teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente Convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Decimosétima - O incumprimento do especificado nas cláusulas, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.

De se-la Asociación Plan Comunitario de Teis a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado por adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma á entidade financiadora, no momento do cancelamento.

Presuposto, pago e xustificación:

Decimoitava – O Concello de Vigo afrontará os gastos que lle corresponden, por un total de 9.021,57 (nove mil vinte e un con cincuenta e sete céntimos) euros, presuposto total do convenio, con cargo á partida 313.0.226.08.06. do Programa Menores – Convenio Infancia de Benestar Social. Con esta cantidade cubriranse os custos neste ano, de acordo coa proposta presentada polo P.C. Teis.

Decimonovena - o prezo máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún. Polo que respeita ás cantidades destinadas a cada acción, ás que se fai referencia no anexo, poderán ser modificadas por acordo da Comisión de Seguimento e sen que supoña, en ningún caso, incremento do prezo total indicado.

Vixésima – Con referencia ó pagamento das cantidades acordadas como presuposto do proxecto motivo do presente convenio, o Concello de Vigo, en calidade de entidade financiadora aboará á entidade prestadora do servizo (Asociación Plan Comunitario de Teis) unha cantidade inicial de 4.510,78 (catro mil cincocentos dez euros con setenta e oito centimos de euro), 50% do total, ó inicio do convenio, para facer fronte ós gastos xerados polo comenzo das accións.

O resto do importe da cantidade presupostada, 4.510,79 (catro mil cincocentos dez euros con setenta e oito centimos de euro), 50% restante, será abonado en dous prazos.

O correspondente ó segundo pago de 2.255,40 (dous mil douscentos cincuenta e cinco euros con cuarenta céntimos de euro), o 25% do total, será tramitado unha vez que se teñan desenvolvido a metade das accións correspondentes, debendo ser certificado polo responsable técnico municipal encargado do proxecto.

O terceiro e derradeiro pago da cantidade restante, 2.255,39 euros, (dous mil douscentos cincuenta e cinco euros con trinta e nove céntimos de euro), o 25% restante, será tramitado unha vez sexa certificado polo responsable técnico municipal a realización do proxecto.

Vixésimoprimeira - a xustificación do gasto farase mediante a presentación das facturas e xustificantes por parte da entidade executora (Asociación Plan Comunitario de Teis) ó Concello de Vigo, ó persoal técnico designado como responsable do proxecto.

Vixencia:

Vixésimosegunda - O presente convenio comprenderá o ano 2004 e estará vixente ata o remate das accións, e/ou o 31 de decembro de 2004.

De acordarse a continuación da colaboración entrambas entidades asinantes no proxecto motivo de asinatura do presente convenio, só será preciso a redacción, trámite, aprobación e sinatura dun novo convenio, no caso de que se afecte ós contidos do presente de xeito significativo. De non ser así, bastará coa sinatura dunha Addenda tras de ser realizado-los trámites administrativos necesarios.

*Así mesmo, e como aparece recollido na *Claúsula Decimocuarta*, por acordo expreso das partes asinates do convenio, a colaboración de calquera outra entidade que poida contribuir ó desenvolvemento do proxecto, deberá ser recollida nunha *Addenda anexa*.*

Acordo final:

*Vixésimoterceira - Este convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Plan Comunitario de Teis, poderá ter algunha ampliación nos contidos, persoal asistente, etc., de acordarse así polos asinantes a traveso da *Comisión de Seguimento*. Deberá facerse constar nun anexo, informado debidamente polos técnicos competentes das entidades, e sen que supoña aumento das cantidades conveniadas ou modificación dos contidos fundamentais de aquél. Todo elo sen que sexa preciso a asinatura dun novo convenio, excepto no especificado na *cláusula vixésimosegunda*.*

Estando de acordo as partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo a de de dous mil catro.

5(932).- DAR CONTA DAS CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DO “SEMINARIO SOBRE EMERXENCIA SOCIAL” REALIZADO O 14.05.04 EN VIGO, DENTRO DO PLAN LOCAL SOBRE DOGODEPENDENCIAS E OUTRAS ADICCIÓNS DE VIGO. EXPTE. 10927/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director técnico do Plan local sobre drogodependencias e outras adicciós de Vigo, do 24.06.04, que di o seguinte:

En data 14 de maio de 2004, nas dependencias do Concello de Vigo, e promovido por éste e as restantes entidades que compoñen o Plan Local, coa asistencia das entidades, grupos políticos e administracións que no documento se relacionan, desenvolveuse unha sesión de traballo sobre emerxencia social referido á realidade de Vigo.

Dentro do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicciós de Vigo, aprobado en pleno polo concello en xullo do 2002, na área de Incorporación Social, e concretamente, no ámbito da saúde, tense marcado o obxectivo de impulsa-la creación dunha rede local de recursos de apoio ás estratexias de saúde, onde os usuarios poidan ter cubertas as súas necesidades básicas, e que faciliten a súa recuperación ou melloren a súa calidade de vida.

Así, en base ó traballo desenvolvido dende o PLSDA sobre os recursos de emerxencia social na nosa cidade e co obxectivo de crear unha mesa de traballo sobre as necesidades da emerxencia social en Vigo e na súa área metropolitana, dende o PLSDA propúxose esta sesión de traballo en formato seminario, aberta a tódolos axentes sociais que se estimou poideran facer aportacións a esta proposta.

No funcionamento do seminario, foron constituídos 4 grupos de traballo co obxecto de mellora-la participación de tódolos colectivos convidados. Cada grupo estivo composto por representantes políticos e sociais, e

técnicos; tratándose de que as discusións tiveran como obxectivo claro debati-la necesidade dos recursos de Emerxencia Social na cidade de Vigo.

Os diferentes grupos elaboraron as súas conclusións, consensuadas, e das que debemos salienta-la necesidade de creación dun Centro de Emerxencia Social. Existiu unanimidade na consideración desa necesidade (definida como imperiosa, prioritaria e urxente).

Estimouse que os recursos existentes non son suficientes para unha axeitada asistencia e inserción social, e faise especial fincapé na necesidade de coordinación e na optimización dos mesmos, valorando que prestan unha asistencia moi puntual ós transeúntes. Ademáis, estímase que un recurso coma este sería unha ferramenta útil de prevención.

Destaca-la consideración de que o Centro de Emerxencia Social sexa de titularidade pública municipal, e que atenda a Vigo e Área Metropolitana.. Un Centro que se estimou fora deseñado por todas e tódolos profesionais que traballan coa emerxencia social na cidade.

Así mesmo da realización deste seminario, resultaron unhas implicacións e xestións, que se precisan, e que destacamos:

- Buscar nun primeiro lugar o apoio da corporación municipal no pleno
- A implicación debe ser política, en concreto da Concellería de Benestar Social, deixándolle liberdade na búsqueda de financiación nos diferentes organismos e administracións competentes (Deputación Provincial, Xunta de Galicia, Ministerio de Asuntos Sociais, entidades privadas que participen en obras sociais...)
- A xestión debe ser municipal, xa que é o xeito máis doado de asegura-la continuidade do recurso
- Este Documento que reflicte as conclusións de tódolos grupos de traballo e que aparece asinado por tódalas entidades participantes e grupos municipais, deberá servir de apoio nas xestións políticas
- Deberase convocar nuns meses outra xuntanza na que se informe sobre as xestións realizadas e facer forza para que se retrase o menos posible a creación do Centro de Emerxencia Social
- Estímase apropiada a creación dun Consello Consultor coa participación de tódalas entidades (ademáis da dirección técnica do propio recurso)
- A comisión de traballo de Incorporación Social do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo, será a encargada de realiza-lo seguimento das xestións
- Este informe será entregado a tódolos partidos políticos, entidades e institucións convocadas para este seminario.

En cumprimento do acordado, e tras de ser entregado a tódalas entidades participantes, e recollido o apoio das mesmas coa asinatura de todos, faise chegar en primeiro lugar á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento e previa presentación ó Pleno deste Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

6(933).- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE CURSOS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL AO ABEIRO DO PLAN FIP-2004. EXPTE. 2173/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 8.07.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

No marco dos Plan nacional de Formación e Inserción Profesional (FIP) que a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais establece na Orde do 27 de novembro de 2003 (desenvolto pola Resolución de 27 de xaneiro de 2004 da Dirección Xeral de Formación e Colocación), a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo solicitou subvención para a realización de cursos de formación ocupacional no ámbito das novas tecnoloxías (expte. 2173/077), ao abeiro da inscrición do Centro municipal de novas tecnoloxías da información e comunicación -CITIC- no censo de centros colaboradores de formación ocupacional e a correspondente homologación de especialidades (expte. 1738/077).

Mediante Resolución de data 15 de abril de 2004, o Delegado Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais comunica a concesión de subvención para a realización das seguintes accións formativas, coas características que no cadro se indican:

| Código | Denominación do curso | Nº horas | Días lectivos | Datas previstas | Subvención concedida |
|--------|--|----------|---------------|---------------------|----------------------|
| EMXX01 | Ofimática | 134 | 27 | 08/09/04 - 15/10/04 | 8.650,65 |
| EMXX02 | Iniciación á rede internet | 69 | 14 | 18/10/04 - 05/11/04 | 5.114,10 |
| FCIN02 | Alfabetización informática: informática e internet | 34 | 7 | 08/11/04 - 16/11/04 | 2.527,95 |
| FCIN01 | Alfabetización informática: internet | 19 | 4 | 17/11/04 - 22/11/04 | 1.419,60 |
| | TOTAL | 256 | 52 | 08/09/04 - 22/11/04 | 17.712,30 |

Tendo en conta que os cursos teñen previsto iniciarse o día 8 de setembro deste ano, desde o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego estanse a dar os pasos necesarios para a súa posta en marcha: iniciar o correspondente expediente de xeración de crédito relativo á subvención aprobada; selección de docentes; envío de ofertas formativas ao Servizo Público de Emprego para a selección de alumnos participantes, etc.

O que se comunica á Corporación municipal para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

7(934).- ASISTENCIA DO ENXEÑEIRO MUNICIPAL D. BENJAMÍN COLLAZO RODRÍGUEZ AO CURSO “MODELOS DE XESTIÓN DE MOBILIDADE” OS DÍAS 26 AO 30 DE XULLO EN MADRID. EXPTE. 69786/210

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta da asistencia ó curso de verán “Modelos de Xestión de Mobilidade” que se levará a cabo na Universidade Complutense de Madrid os días 26 ao 30 de xullo do ano que andamos, de D. Benjamín Collazo Rodríguez, NIF 36110611, así como da resolución de autorización do gasto, do concelleiro de Mobilidade e Seguridade, que di o seguinte:

1.- Autorizar o gasto de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe de 541 € para a asistencia de don Benjamín Collazo Rodríguez, Enxeñeiro Municipal de Tráfico do departamento de Mobilidade e Seguridade, e NIF 36.110.611 J, de acordo a seguinte distribución:

| <i>CONCEPTO</i> | <i>IMPORTE</i> | <i>PARTIDA</i> |
|---------------------------------------|----------------|------------------------|
| <i>Gastos de inscrición matrícula</i> | <i>191 €</i> | <i>222.016.20..000</i> |
| <i>Gastos axudas de custo</i> | <i>350 €</i> | <i>2220.2300.100</i> |

2.- Autorizar libramento para xustificar a nome do dito funcionario (Benjamín Collazo Rodríguez, co NIF 36.110.611 J) polo importe de 541 €

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

8(935).- PRÉSTAMO TEMPORAL AO MUSEO DO MAR DE GALICIA DE PEZAS DE ARQUEOLOXÍA PARA A EXPOSICIÓN “ATA O CONFIN DA TERRA...DIÁLOGOS DE SANTIAGO E GALICIA CO MAR”. EXPTE. 977/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal Quiñones de León, do 12.07.04, conformado polo concelleiro da área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o préstamo temporal ao Museo do Mar de Galicia das pezas que se indican, pertencentes á colección de arqueoloxía asignada ó Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, para a exposición “Ata o confín da terra...Diálogos de Santiago e Galicia co mar” a celebrar entre o 26 de xullo e 30 de setembro no citado museo.

Cipo de Castro de Toraia (nº de inv. 5591).

Anfora nº 3, Dressel 14, Toraia (nº de inv. 2185).
Anfora nº 4, Dressel 10, B.F.1.d (nº de inv. 1810).
Estela funeraria de Marítimo (nº de inv. 1913).

Este préstamo efectuarase de acordo coas condicións habituais que establece o museo municipal; e tras un estudio técnico das pezas, que valore a conveniencia do seu préstamo a efectos da súa conservación; e propoña as medidas de restauración que deberá realizar o solicitante, tras a conformidade do museo.

9(936).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO PARA O DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN XERAL. EXPTE. 100323/140.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o proxecto de ampliación de mobiliario para o departamento de Intervención Xeral, asinado polo arquitecto municipal, Sr. Abia Alonso, o prego de condicións administrativas, do 18.06.04, asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación e conformado polo xefe de Réxime Interior; visto o informe xurídico do 23.06.04 e de acordo co informe-proposta do devandito xefe de negociado, conformado polo xefe de Réxime Interior, o concelleiro da Área de Xestión Municipal e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 46.306,04 euros para a subministración de mobiliario para o departamento de Intervención Xeral con cargo ás partidas 6110.625.00.00 (45.000 euros) e 121.6.625.00.00 (1.306,04 euros) do presuposto do ano 2004.

2º.- Aproba-las condicións técnicas e administrativas para a subministración de mobiliario para o departamento de Intervención Xeral .

3º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

10(937).- ABOAMENTO DE DÉBEDAS DE MENOR CONTÍA Á TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL POR IMPORTE DE 9.191,13 €. EXPTE. 15153/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Negociado de Seguridade Social, do 2.07.04, conformado polo xefe da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno acordo:

Acordar o pagamento efectivo das débedas de menor contía que este Concello mantén coa Tesourería Xeral da Seguridade Social cuxos importes ascenden a:

| CÓDIGO-CUENTA | Nº DOC. | PERÌODO | IMPORTE |
|---------------|---------|---------|---------|
|---------------|---------|---------|---------|

| | | | |
|-------------|-------------------|-------------------|-------------|
| 36001399933 | 36040103011364130 | 2001/02 a 2001/03 | 98'78,-€ |
| 36001399933 | 36040100010690988 | 2001/02 a 2001/03 | 97'60,-€ |
| 36100466455 | 36010100010966695 | 2000/11 a 2000/11 | 8.994'92,-€ |

Sendo a cantidade global a ingresar de 9.191'13,-€ por transferencia na conta de Recursos Diversos Provinciais Nùm. 2038-4016-93-6000056419 da que a Tesourería Xeral da Seguridade Social é titular en Caixa Madrid, tal como indicó no seu fax de data 02-06-2004.

11(938).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 1.07.04 DE GRATIFICAICÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE XUÑO DE 2004. EXPTE. 15156/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do decreto de data 1.07.04, que di o seguinte:

DECRETO :

A instrucción cuarta, apartado f) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente para o ano 2003, establece que aboarase con cargo a gratificacións, o persoal do servizo de Extinción de Incendios, como compensación das horas en exceso realizadas durante o ano, e sen prexuízo da parte que se lle incluiu no complemento específico, percibirá as seguintes cantidades mensuais:

| | |
|---|-----------------|
| <i>Bombeiro e Conductor-Bombeiro.....</i> | <i>242.33 €</i> |
| <i>Cabo.....</i> | <i>256.61 €</i> |
| <i>Sarxento Xefe de Turno.....</i> | <i>292.90 €</i> |
| <i>Sarxento Xefe de Parque.....</i> | <i>316.18 €</i> |
| <i>Suboficial.....</i> | <i>321.79 €</i> |

As cantidades vixentes para este ano resultan de aplicar sobre as cantidades correspondentes o ano 2003, o incremento 2% do IPC.

Con data 1 de xullo de 2004, o Servizo de Extinción de Incendios, remite relacións do persoal do servizo de Extinción Incendios e Salvamento sobre o abono de gratificacións por servizos especiais e extraordinarios correspondentes ó mes de XUÑO-2004 por exceso de xornada, que comeza por Abalde Fernández, Carlos e remata por Villaverde Veleiro, José B.

Por isto, e no exercicio das competencias delegadas pola Xunta Local de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xaneiro de 2004,

RESOLVO :

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de gratificación por servicios especiais e extraordinarios correspondentes ó mes de XUÑO de 2004 prestados polo persoal do servicio de Extinción de Incendios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por Don Carlos Abalde Fernández e remata por José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, e que ascenden a un total de 29.947'67 €, (VINTENOVE MIL NOVECENTOS COARENTA E SETE EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS)”.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

12(939).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A ILUMINACIÓN ARTÍSTICA DE EDIFICIOS HISTÓRICOS DA CIDADE- PROXECTO ILUMINA. EXPTE. 1459/104.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 13.07.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento local, Turismo e Comercio, que di o seguinte:

A Concellería de Turismo e Comercio ven traballando dende hai algúns meses no desenvolvemento dun proxecto turístico denominado “ILUMINA”. Trátase dun programa de iluminación dos edificios máis singulares do centro da cidade, afirmando a identidade do patrimonio histórico e artístico de Vigo.

A Concellería de Turismo e Comercio pretende a posta en valor do patrimonio vigués, mediante un proxecto de alumeado que permita o disfrute dos edificios máis recoñecidos, tanto públicos como privados, creando unha ambientación e dándolle un novo rostro á cidade, propiciando o disfrute da riqueza patrimonial tamén de noite, dándolle unha identidade nocturna a determinadas zonas de Vigo.

Este Plan permitirá singularizar os monumentos, edificios históricos e zonas de alta significación, reafirmando un produto turístico de carácter netamente cultural, potenciando o turismo de cidade tamén nas horas nocturnas, mediante a creación de ambientes e itinerarios recreando a beleza do patrimonio e acentuando a identidade.

O primeiro paso deste Plan Director consistirá no deseño dunha “ruta luminosa” por parte dos técnicos municipais, onde se incluírán nun catálogo tódolos edificios susceptibles de se sumar a este proxecto. En principio, nunha primeira etapa acometerase o proxecto no centro neuráxico da cidade, onde abundan os edificios senlleiros, cunha concentración de espacio relativamente reducida.

A ruta luminosa terá como principal obxectivo deseñar un novo mapa estético do casco urbano, complementando o alumeado funcional pero, sobre todo, recuperando para o disfrute cidadán unha visión inédita dos sinais de identidade de Vigo.

Co fin de acadar a implicación doutras administracións neste proxecto, a Concellería de Comercio presentou o plan ILUMINA diante da Xunta de Galicia, concretamente, diante da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, co obxecto de solicitar unha subvención económica para poder levar a cabo o proxecto turístico.

Con data 9 de xullo, a Subdirección Xeral de Fomento e Cooperación, dependente da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, remite proposta de convenio de colaboración entre ambas institucións, co obxecto de regular as bases de cooperación para o financiamento por parte da Xunta de Galicia dos traballos de iluminación artística de determinados edificios históricos da cidade.

A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo comprométese á aportación de 186.487,75€, para levar a cabo o proxecto referido, correspondente ó 100% do investimento previsto, consistente na iluminación dos edificios da Casa Galega da Cultura, Casa das Artes, Biblioteca Central e Ponte de López de Neira.

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a acometer os traballos de iluminación artística dos edificios anteriormente mencionados, e a executar, no prazo de vixencia do presente convenio o investimento obxecto do mesmo.

A cláusula cuarta do proxecto de convenio establece que o prazo de vixencia do acordo remata o 30 de novembro de 2004 e, polo tanto, o investimento deberá estar executado e xustificado na forma prevista na cláusula segunda do convenio, antes desta data.

Por este motivo, segundo o artigo 210 c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, queda suficientemente acreditado no expediente “a imperiosa urxencia resultante de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables ó mesmo”, derivado dos prazos de xustificación da subvención concedida por parte da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, de modo que os procedementos que se seguirán para licitar os investimentos previstos serán os de negociados sen publicidade.

Dado que o presente convenio de colaboración non supón ningún compromiso de gasto para o Concello de Vigo, senón que se trata de percibir aportacións económicas da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, para a realización do proxecto “ILUMINA”, non é preceptivo informe previo de fiscalización, nin informe xurídico sobre o contido do devandito convenio.

Por todo o antedito, en uso das competencias que lle atribúe ós Concellos o artigo 25 m) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local 7/1985, do 2 de abril e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que se achega no expediente entre o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia, en virtude do que a devandita institución concederá unha aportación económica de 186.487,75€, para a iluminación artística de edificios históricos da cidade, que se enmarca dentro do proxecto ILUMINA, que desenvolve a Concellería de Turismo e Comercio.

2.- Aprobar, ó abeiro do disposto no artigo 210 c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que a licitación do devandito proxecto se realice mediante procedemento negociado sen publicidade, dado que o propio convenio determina que o investimento deberá realizarse e xustificarse antes do 30 de novembro de 2004.”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

13(940).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CONCELLO DE VIGO-ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DO MERCADO DE BOUZAS PARA A APORTACIÓN ECONÓMICA DESTA EN INVESTIMENTOS DO MERCADO. EXPTE. 1458/104.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 13.07.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento local, Turismo e Comercio, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe entre a Concellería de Comercio e maila Asociación de Comerciantes do Mercado de Bouzas, en virtude do que a devandita asociación aboará ó Concello de Vigo a cantidade de 1.778,28€, en concepto de obras no mercado de Teis, que executará o Concello de Vigo con subvencións da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, segundo resolución do órgano competente comunicada a este Concello con data 12 de xullo de 2004.

2.- Aprobar, ó abeiro do disposto no artigo 210 c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que a licitación do devandito proxecto se realice mediante procedemento negociado sen publicidade, ou contrato menor, se procedese por razón de contía, dado que a Consellería de Industria esixe que a obra/investimento deberá realizarse e xustificarse antes do 15 de novembro de 2004.

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONCELLERIA DE COMERCIO E A ASOCIACION DE COMERCIANTES DO MERCADO DE BOUZAS

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Lucía Molares Pérez, Concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, facultada por Decreto de Delegación de competencias da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2004, e acordo da Xunta de Goberno Local, de 5 de xaneiro de 2004.

Doutra parte, Dona Pilar Cambeiro Álvarez, Presidenta da Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado Municipal de Bouzas, con CIF: 35.999.017 -S.

MANIFESTAN

Que en virtude da Orde do 5 de decembro de 2003, publicada no Diario Oficial de Galicia o 15 de decembro do mesmo ano, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a corporacións locais para actividades de fomento ó investimento en mercados retailistas e zonas peonís-comerciais, a Concellería de Turismo e Comercio e maila Asociación de Empresarios do Mercado de Bouzas, decidiron acollerse a estas axudas para acometer un proxecto de remodelación do devandito mercado.

Que o pasado día 13 de xullo chegou ó Departamento de Turismo e Comercio escrito da Consellería de Industria, a través da súa delegación provincial, no que se comunica a este Concello a concesión dunha subvención por unha contía total de 4.149,32 € para a realización dunha rampa para minusválidos no devandito mercado, correspondente ó 70% do total do investimento programado.

Por todo o antedito, a Concellería de Comercio do Concello de Vigo e maila Asociación de Empresarios do Mercado Municipal de Bouzas, conveñen as seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Que en virtude da Orde da Consellería de Industria, de data 5 de decembro de 2003 a Concellería de Comercio presentou proxecto de remodelación do mercado de Bouzas, para habilitalo cunha rampa para minusválidos, de acordo coa Asociación de Empresarios que dirixe o mercado. A Consellería resolve conceder unha subvención para o devandito investimento de 4.149,32 €.

SEGUNDA.- Dado que o importe da subvención da Consellería de Innovación, Industria e Comercio para o mercado de Bouzas supón o 70% do investimento total previsto, que ascende a 5.927,60 €, a ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE BOUZAS comprométese a través deste convenio a asumir a parte restante do investimento, para contribuir a cubri-lo 100% do proxecto presupostado.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo comprométese a realizar todo o proceso de contratación e adjudicación da obra de referencia, así como a prestar todo tipo de apoio técnico e de asesoramento por parte da Concellería de Comercio.

CUARTA.- Segundo o estipulado na cláusula anterior, a Asociación de Comerciantes , comprométese a ingresar nas arcas municipais antes do 30 de novembro do ano 2004 a cantidade de 1.778,28€.

QUINTA.- O incumprimento por parte da Asociación de Empresarios de Bouzas de calquera dos extremos contidos no presente convenio por causas non imputables á Administración, suporá que a devandita Asociación deberá devengar ó Concello os correspondentes xuros de mora da contía antes mencionada.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado e a un só efecto o presente convenio de colaboración no lugar e data indicados.

14(941).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CONCELLO DE VIGO-ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO MERCADO DO BERBÉS PARA A APORTACIÓN ECONÓMICA DESTA EN INVESTIMENTOS DO MERCADO. EXPTE. 1455/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 13.07.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento local, Turismo e Comercio, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe entre a Concellería de Comercio e maila Asociación de Empresarios do Mercado do Berbés, en virtude do que a

devandita asociación aboará ó Concello de Vigo as cantidades previstas na parte dispositiva deste informe, en concepto de contribución para o financiamento do proxecto de acondicionamento e limpeza das fachadas do edificio do mercado, que executará o Concello de Vigo con subvencións da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, segundo resolución do órgano competente comunicada a este Concello con data 12 de xullo de 2004.

2.- Aprobar, ó abeiro do disposto no artigo 210 c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que a licitación do devandito proxecto se realice mediante procedemento negociado sen publicidade ou contrato menor, se procedese por razón de contía, dado que a Consellería de Industria esixe que a obra/investimento deberá realizarse e xustificarse antes do 15 de novembro de 2004.

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONCELLERIA DE COMERCIO E A ASOCIACION DE COMERCIANTES DO MERCADO DO BERBES

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Lucía Molares Pérez, Concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, facultada por Decreto de Delegación de competencias da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2004, e acordo da Xunta de Goberno Local, de 5 de xaneiro de 2004.

Doutra parte, María Teresa Vázquez Davila, Presidenta da Asociación de Empresarios do Mercado do Berbés, con CIF: G-36.708311, con razón social na rúa Téofilo Llorente, s/n.

MANIFESTAN

Que en virtude da Orde do 5 de decembro de 2003, publicada no Diario Oficial de Galicia o 15 de decembro do mesmo ano, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a corporacións locais para actividades de fomento ó investimento en mercados retailistas e zonas peonís-comerciais, a Concellería de Turismo e Comercio e maila Asociación de Empresarios do Mercado do Berbés, decidiron acollerse a estas axudas para acometer un proxecto de remodelación do devandito mercado.

Que o pasado día 13 de xullo chegou ó Departamento de Turismo e Comercio escrito da Consellería de Industria, a través da súa delegación provincial, no que se comunica a este Concello a concesión dunha subvención plurianual por unha contía total de 32.759,00€ para a realización das de rehabilitación e limpeza da fachada do devandito mercado, correspondente ó 70% do total do investimento programado.

Por todo o antedito, a Concellería de Comercio do Concello de Vigo e maila Asociación de Empresarios do Mercado do Berbés, conveñen as seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Que en virtude da Orde da Consellería de Industria, de data 5 de decembro de 2003 a Concellería de Comercio presentou proxecto de remodelación do mercado do Berbés, para proceder á rehabilitación e limpeza da

fachada do inmoble, de acordo coa Asociación de Empresarios que dirixe o mercado. A Consellería resolve conceder unha subvención plurianual para o devandito investimento de 32.759,00€.

SEGUNDA.- Dado que o importe da subvención da Consellería de Industria para o mercado do Berbés supón o 70% do investimento total previsto, que ascende a 46.798,57€, a ASOCIACION DE EMPRESARIOS DO BERBES comprométese a través deste convenio a asumir unha parte do resto do investimento, para contribuir a cubri-lo 100% do proxecto presupostado.

TERCEIRA.- A subvención plurianual concedida pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio, repártese do seguinte xeito:

| Subvención concedida | Anualidade | Concepto |
|----------------------|------------|------------------------------|
| 22.931,00€ | 2004 | Fachada Cánovas Castillo |
| 9.828,00€ | 2005 | Fachada Teófilo Llorente. |

CUARTA.- Segundo o estipulado na cláusula anterior, a Asociación de Comerciantes do Berbés, comprométese a ingresar nas arcas municipais antes do 30 de novembro de cada ano (2004 e 2005) as seguintes cantidades, en concepto da súa aportación para cubrir o resto do investimento previsto no mercado.

ANUALIDADE 2004 3.606,00€

ANUALIDADE 2005 2.106,00€

QUINTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a realizar todo o proceso de contratación e adxudicación da obra de referencia, así como a prestar todo tipo de apoio técnico e de asesoramento por parte da Concellería de Comercio.

SEXTA.- O incumprimento por parte da Asociación de Comerciantes do Berbés de calquera dos extremos contidos no presente convenio por causas non imputables á Administración, suporá que a devandita Asociación deberá devengar ó Concello os correspondentes xuros de mora da contía antes mencionada.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado e a un só efecto o presente convenio de colaboración no lugar e data indicados,

15(942).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CONCELLO DE VIGO-ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO PARA A APORTACIÓN ECONÓMICA DESTA EN INVESTIMENTOS DA ZONA. EXPTE. 1457/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 13.07.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento local, Turismo e Comercio, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que se achega no expediente entre a Concellería de Comercio e maila Asociación de Comerciantes Zona Centro, en virtude do que a devandita asociación aboará ó Concello de Vigo as cantidades previstas na parte dispositiva deste informe, en concepto de contribución para o financiamento do proxecto de renovación estética de rúas comerciais, que executará o Concello de Vigo con subvencións da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, segundo resolución do órgano competente comunicada a este Concello con data 12 de xullo de 2004.

2.- Aprobar, ó abeiro do disposto no artigo 210 c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que a licitación do devandito proxecto se realice mediante procedemento negociado sen publicidade ou contrato menor, se procedese por razón de contía, dado que a Consellería de Industria esixe que a obra/investimento deberá realizarse e xustificarse antes do 15 de novembro de 2004.

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONCELLERIA DE COMERCIO E A ASOCIACION DE COMERCIANTES ZONA CENTRO

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Lucía Molares Pérez, Concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, facultada por Decreto de Delegación de competencias da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2004, e acordo da Xunta de Goberno Local, de 5 de xaneiro de 2004.

Doutra, D. José Luis Alvarez Montenegro, Presidente da Asociación de Comerciantes Zona Centro, con enderezo na rúa Progreso, 28 de Vigo e con CIF: G-36887859.

MANIFESTAN

Que en virtude da Orde do 5 de decembro de 2003, publicada no Diario Oficial de Galicia o 15 de decembro do mesmo ano, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a corporacións locais para actividades de fomento ó investimento en mercados retallistas e zonas peonís-comerciais, a Concellería de Turismo e Comercio e maila Asociación de Comerciantes Zona Centro, decidiron acollerse a estas axudas para acometer un proxecto de renovación estética de zonas comerciais, incluído no Plan de Dinamización Comercial da Concellería de Comercio.

Que o pasado día 13 de xullo foi remitido ó Departamento de Turismo e Comercio escrito da Consellería de Industria, a través da súa delegación provincial, con data de entrada no Rexistro Xeral de 12 de xullo, no que se comunica a este Concello a concesión dunha subvención plurianual por unha contía total de 82.000,00€ para a realización do proxecto de renovación estética nas rúas comerciais no ámbito de influencia da devandita asociación, correspondente ó 70% do total do investimento programado.

Por todo o antedito, a Concellería de Comercio do Concello de Vigo e maila Asociación de Comerciantes Zona Centro, conveñen as seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Que en virtude da Orde da Consellería de Industria, de data 5 de decembro de 2003 a Concellería de Comercio presentou proxecto de renovación estética de zonas comerciais, para proceder á decoración urbana mediante xardiñeiras colgantes das principais rúas comerciais que se insiren no ámbito de influencia da Asociación Zona Centro.

A Consellería resolve conceder unha subvención plurianual para o devandito investimento de 82.000,00€.

SEGUNDA.- Dado que o importe da subvención da Consellería de Industria para este proxecto supón o 70% do investimento total previsto, que ascende a 117.142,85,00 para os anos 2004, 2005 e 2006, a ASOCIACION DE COMERCIANTES ZONA CENTRO, comprométese a través deste convenio a asumir unha parte do resto do investimento, para contribuir a cubri-lo 100% do proxecto presupostado.

TERCEIRA.- A subvención plurianual concedida pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio, repártese do seguinte xeito:

| <i>Subvención concedida</i> | <i>Anualidade</i> |
|-----------------------------|-------------------|
| <i>28.000€</i> | <i>2004</i> |
| <i>12.000€</i> | <i>2005</i> |
| <i>42.000€</i> | <i>2006</i> |

CUARTA.- Segundo o estipulado na cláusula anterior, a Asociación de Comerciantes Zona Centro, comprométese a ingresar nas arcas municipais antes do 30 de novembro de cada ano (2004, 2005 e 2006) as seguintes cantidades, en concepto da súa aportación para cubrir o resto do investimento previsto para o proxecto.

| | |
|------------------------|------------------|
| <i>ANUALIDADE 2004</i> | <i>6.000,00€</i> |
| <i>ANUALIDADE 2005</i> | <i>2.571,43€</i> |
| <i>ANUALIDADE 2006</i> | <i>9.000,00€</i> |

QUINTA.- O incumprimento por parte da Asociación de Comerciantes de Zona Centro de calquera dos extremos contidos no presente convenio por causas non imputables á Administración, suporá que a devandita Asociación deberá devengar ó Concello os correspondentes xuros de mora da contía antes mencionada.

SEXTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a realizar todo o proceso de contratación e adxudicación da obra de referencia, así como a prestar todo tipo de apoio técnico e de asesoramento por parte da Concellería de Comercio.

SETIMA.- O Concello de Vigo comprométese, asemade, á colocación e mantemento dos elementos de decoración que se instalen nas rúas (xardiñeiras colgantes).

OCTAVA.- Os Comerciantes de Zona Centro se comprometen, pola súa parte, ó rego, mantemento e reposición das plantas que se coloquen nas xardiñeiras anteditas.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado e a un só efecto o presente convenio de colaboración no lugar e data indicados,

16(943).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CONCELLO DE VIGO-ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DO MERCADO DE TEIS PARA A APORTACIÓN ECONÓMICA DESTA EN INVESTIMENTOS DO MERCADO. EXPTE. 1460/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 13.07.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento local, Turismo e Comercio, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe entre a Concellería de Comercio e maila Asociación de Comerciantes do Mercado de Teis, en virtude do que a devandita asociación aboará ó Concello de Vigo a cantidade de 2.850,12€, en concepto de obras no mercado de Teis, que executará o Concello de Vigo con subvencións da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, segundo resolución do órgano competente comunicada a este Concello con data 12 de xullo de 2004.

2.- Aprobar, ó abeiro do disposto no artigo 210 c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que a licitación do devandito proxecto se realice mediante procedemento negociado sen publicidade, ou contrato menor, se procedese por razón de contía, dado que a Consellería de Industria esixe que a obra/investimento deberá realizarse e xustificarse antes do 15 de novembro de 2004.

*CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONCELLERIA DE
COMERCIO E A ASOCIACION DE COMERCIANTES DO MERCADO DE TEIS*

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Lucía Molares Pérez, Concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, facultada por Decreto de Delegación de competencias da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2004, e acordo da Xunta de Goberno Local, de 5 de xaneiro de 2004.

Doutra parte, Don Arsenio Casal Castrelos, Presidente da Asociación de Comerciantes do Mercado de Teis, con CIF: 36.011.724-A.

MANIFESTAN

Que en virtude da Orde do 5 de decembro de 2003, publicada no Diario Oficial de Galicia o 15 de decembro do mesmo ano, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a corporacións locais para actividades de fomento ó investimento en mercados retalistas e zonas peonís-comerciais, a Concellería de Turismo e Comercio e maila Asociación de Comerciantes do Mercado de Teis, decidiron acollerse a estas axudas para acometer un proxecto de remodelación do devandito mercado.

Que o pasado día 13 de xullo chegou ó Departamento de Turismo e Comercio escrito da Consellería de Industria, a través da súa delegación provincial, no que se comunica a este Concello a concesión dunha subvención por unha contía total de 6.650,28 € para a realización de obras en dito mercado, correspondente ó 70% do total do investimento programado.

Por todo o antedito, a Concellería de Comercio do Concello de Vigo e maila Asociación de Comerciantes do Mercado de Teis, conveñen as seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Que en virtude da Orde da Consellería de Industria, de data 5 de decembro de 2003 a Concellería de Comercio presentou solicitude de subvención para realizar obras no mercado de Teis, de acordo coa Asociación de Empresarios que dirixe o mercado. A Consellería resolve conceder unha subvención para o devandito investimento de 6.650,28 €.

SEGUNDA.- Dado que o importe da subvención da Consellería de Innovación, Industria e Comercio para o mercado do Teis supón o 70% do investimento total previsto, que ascende a 9.500,40 €, a ASOCIACION DE COMERCIANTES DO MERCADO DE TEIS comprométese a través deste convenio a asumir a parte restante do investimento, para contribuir a cubri-lo 100% do proxecto presupostado.

TERCERA.- Segundo o estipulado na cláusula anterior, a Asociación de Comerciantes de Teis, comprométese a ingresar nas arcas municipais antes do 30 de novembro do ano 2004 a cantidade de 2.850,12€.

CUARTA.- O Concello de Vigo comprométese a realizar todo o proceso de contratación e adxudicación da obra de referencia, así como a prestar todo tipo de apoio técnico e de asesoramento por parte da Concellería de Comercio.

QUINTA.- O incumprimento por parte da Asociación de Comerciantes de Teis de calquera dos extremos contidos no presente convenio por causas non imputables á Administración, suporá que a devandita Asociación deberá devengar ó Concello os correspondentes xuros de mora da contía antes mencionada.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado e a un só efecto o presente convenio de colaboración no lugar e data indicados,

17(944).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CONCELLO DE VIGO-ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E HOSTELEIROS “VIGO-VELLO” PARA A APORTACIÓN ECONÓMICA DESTA EN INVESTIMENTOS DO MERCADO. EXPTE. 1456/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 13.07.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento local, Turismo e Comercio, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre a Concellería de Comercio e maila Asociación de Comerciantes e Hosteleiros “VigoVello”, en virtude do

que a devandita asociación aboará ó Concello de Vigo as cantidades previstas na parte dispositiva deste informe, en concepto de contribución para o financiamento do proxecto de renovación estética de rúas comerciais, que executará o Concello de Vigo con subvencións da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, segundo resolución do órgano competente comunicada a este Concello con data 12 de xullo de 2004.

2.- Aprobar, ó abeiro do disposto no artigo 210 c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que a licitación do devandito proxecto se realice mediante procedemento negociado sen publicidade ou contrato menor, se procedese por razón de contía, dado que a Consellería de Industria esixe que a obra/investimento deberá realizarse e xustificarse antes do 15 de novembro de 2004.

*CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONCELLERIA DE
COMERCIO E A ASOCIACION DE COMERCIANTES E HOSTELEIROS “VIGOVELLO”*

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Lucía Molares Pérez, Concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, facultada por Decreto de Delegación de competencias da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2004, e acordo da Xunta de Goberno Local, de 5 de xaneiro de 2004.

Doutra, D. Santiago José Varela Vidal, Presidente da Asociación de Comerciantes e Hosteleiros “VigoVello”, con CIF: G-36909232 e con enderezo na rúa Misericordia, 2 B, desta cidade.

MANIFESTAN

Que en virtude da Orde do 5 de decembro de 2003, publicada no Diario Oficial de Galicia o 15 de decembro do mesmo ano, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a corporacións locais para actividades de fomento ó investimento en mercados retallistas e zonas peonís-comerciais, a Concellería de Turismo e Comercio e maila Asociación de Comerciantes e Hosteleiros “VigoVello”, decidiron acollerse a estas axudas para acometer un proxecto de renovación estética de zonas comerciais, incluído no Plan de Dinamización Comercial da Concellería de Comercio.

Que o pasado día 13 de xullo chegou ó Departamento de Turismo e Comercio escrito da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, a través da súa delegación provincial, con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello 12 de xullo, no que se comunica a concesión dunha subvención plurianual por unha contía total de 82.000,00€ para a realización do proxecto de renovación estética nas rúas comerciais no ámbito de influencia da devandita asociación, correspondente ó 70% do total do investimento programado.

Por todo o antedito, a Concellería de Comercio do Concello de Vigo e maila Asociación de Comerciantes e Hosteleiros “VigoVello”, conveñen as seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Que en virtude da Orde da Consellería de Industria, de data 5 de decembro de 2003 a Concellería de Comercio presentou proxecto de renovación estética de zonas comerciais, para proceder á decoración urbana mediante xardiñeiras colgantes das principais rúas comerciais que se insiren no ámbito de influencia da Asociación de Comerciantes mencionada.

A Consellería resolve conceder unha subvención plurianual para o devandito investimento de 82.000,00€, que comunica a este Concello con data 12 de xullo.

SEGUNDA.- Dado que o importe da subvención da Consellería de Industria para o proxecto supón o 70% do investimento total previsto, que ascende a 117.142,85€, a ASOCIACION DE COMERCIANTES E HOSTELEIROS “VIGOVELLO” comprométese a través deste convenio a asumir unha parte do resto do investimento, para contribuir a cubri-lo 100% do proxecto presupostado.

TERCEIRA.- A subvención plurianual concedida pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio, repártese do seguinte xeito:

| <i>Subvención concedida</i> | <i>Anualidade</i> |
|-----------------------------|-------------------|
| <i>28.000€</i> | <i>2004</i> |
| <i>12.000€</i> | <i>2005</i> |
| <i>42.000€</i> | <i>2006</i> |

CUARTA.- Segundo o estipulado na cláusula anterior, a Asociación de Comerciantes e Hosteleiros “VigoVello”, comprométese a ingresar nas arcas municipais antes do 30 de novembro de cada ano (2004, 2005 e 2006) as seguintes cantidades, en concepto da súa aportación para cubrir a súa contribución ó resto do investimento previsto.

| | |
|------------------------|------------------|
| <i>ANUALIDADE 2004</i> | <i>6.000,00€</i> |
| <i>ANUALIDADE 2005</i> | <i>2.571,43€</i> |
| <i>ANUALIDADE 2006</i> | <i>9.000,00€</i> |

QUINTA.- O incumprimento por parte da Asociación de Comerciantes e Hosteleiros “VigoVello” de calquera dos extremos contidos no presente convenio por causas non imputables á Administración, suporá que a devandita Asociación deberá devengar ó Concello os correspondentes xuros de mora da contía antes mencionada.

SEXTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a realizar todo o proceso de contratación e adxudicación da obra de referencia, así como a prestar todo tipo de apoio técnico e de asesoramento por parte da Concellería de Comercio.

SETIMA.- O Concello de Vigo comprométese, asemade, á colocación e mantemento dos elementos de decoración que se instalen nas rúas (xardiñeiras colgantes).

OCTAVA.- Os Comerciantes e Hosteleiros de VigoVello se comprometen, pola súa parte, ó rego, mantemento e reposición das plantas que se coloquen nas xardiñeiras anteditas.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado e a un só efecto o presente convenio de colaboración no lugar e data indicados,

18(945).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN PARCIAL DE NAVIA. EXPTE. 7849/411.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e arquitecto municipal do Servizo de Planeamento da Xerencia de Urbanismo, do 4.07.04, que di o seguinte:

O presente informe emítese en relación coa modificación puntual do PLAN PARCIAL DE NAVIA, redactada por ALAMEDA 12 S.L. e asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Don Benito Fernández, de data de Febreiro de 2.004, presentada nesta Administración municipal por XESTUR PONTEVEDRA o 23 de abril de 2.004.

XESTUR PONTEVEDRA ten encomendada polo I.G.V.S. a xestión desta actuación urbanística, incluída no Convenio de 30/01/92 asinado entre o Concello de Vigo e Instituto Galego da Vivenda e Solo, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, para a preparación de solo residencial en Vigo.

ALAMEDA 12 S.L. é a mesma entidade á que se encomendou a asistencia técnica para a redacción do Plan parcial de Navia que agora se modifica.

ANTECEDENTES

1º.- O Plan parcial de Navia, en desenvolvemento do Programa de actuación urbanística de NAVIA, aprobado definitivamente o 8 de febreiro de 1996 no expediente 2444/411, foi aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo o 3 de xuño de 1.996 (Expdte. 2444/411)

2º.- O Proxecto de urbanización de dito Plan parcial aprobouse definitivamente o 3 de outubro de 1997 (Expdte. 3992/401)0

3º.- En desenvolvemento das determinacións de xestión do Plan parcial, XESTUR PONTEVEDRA adquiriu a propiedade dos terreos das fases 1ª e 2ª, mediante o sistema de expropiación (Expdte. 117/413), así como a través de acordos con distintos propietarios do ámbito.

4º.- O 5 de abril de 2002 o Ministro de Fomento aprobou o expediente de información pública e o proxecto de trazado "Circunvalación de Vigo. Tramo: Conexión Castrelos-Bouzas con autopista Puxeiros-Val Miñor", trazado que transcorre polo límite sur do ámbito do Plan parcial de Navia, afectando terreos afectos a zonas verdes do ámbito.

5º.- O 9 de agosto de 2002 XESTUR PONTEVEDRA, presentou unha solicitude de modificación puntual do Plan parcial do solo residencial de San Paio de Navia (Expdte. 7849/411), acompañada de documentación técnica, redactada pola entidade ALAMEDA 12 S.L. e asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Benito Fernández.

6º.- En data 13 de novembro de 2002 remitíronselle a XESTUR PONTEVEDRA os informes emitidos en relación á dita solicitude pola CPTOPV (de 8.11.2002), Ministerio de Fomento (30.10.2002) e Subdirección Xeral de Estradas da Xunta de Galicia, para corrección da documentación.

7º.- O 14 de xaneiro de 2003 XESTUR PONTEVEDRA, á vista da aprobación da nova Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), presentou unha nova documentación, corrixida, substancialmente diferente da presentada con anterioridade, que incorpora novos criterios na ordenación. En relación con esta nova documentación, o 3 de febreiro de 2003 requeriuse de XESTUR PONTEVEDRA a subsanación dunha serie de deficiencias observadas nela.

8º.- Con data 4 de xuño de 2003 recibíuse informe da Demarcación de Estradas do Ministerio de Fomento, dando por cumprimentadas as observacións formuladas no anterior informe de ese organismo.

9º.- En 21 de abril de 2003 XESTUR PONTEVEDRA presentou nova documentación, que modificando as anteriores, refíre a modificación unicamente ó ámbito das etapas 1ª e 2ª, e subdivide a etapa 3ª en dúas fases: A e B.

10º.- Producidas entre os meses de maio e setembro de 2.003 diversas reunións entre os servizos técnicos municipais e XESTUR sobre o alcance da modificación, correccións numéricas a introducir no documento e procedemento a seguir, trala entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o 23 de abril de 2.004, presentouse por XESTUR PONTEVEDRA, para aprobación inicial, nova documentación corrixida, de data febreiro de 2004, que é á que se refire este informe

ÁMBITO/ CONDICIÓN S URBANÍSTICAS

O ámbito do Plan parcial de Navia comprende unha superficie aproximada de 728.865 m², que a medición que contén o presente expediente de modificación puntual concreta en 728.321 m², clasificados polo Plan Xeral como solo urbanizable non programado e delimitados como ámbito do PAU de Navia, cos axustes levados a cabo con motivo das alegacións recibidas na tramitación de dito PAU.

Segundo dito PAU aprobado definitivamente, o aproveitamento tipo do ámbito é de 0,99 m²c/m² de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública.

Os límites do ámbito son :Norte: Avenida Europa e terreos exteriores; Sur: Avenida de Ricardo Mella; Leste: Rúa Pelaios e Cemiterio de Bouzas e Oeste: Rúa San Paio e terreos da parroquia de Navia.

- DOCUMENTACIÓN PRESENTADA PARA APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN

A documentación presentada, unha vez corrixida a requirimento dos informes sectoriais e dos servizos municipais, comprende os seguintes documentos:

-MEMORIA TÉCNICA.-

- I. OBXECTIVOS E CRITERIOS DA ORDENACIÓN PROPOSTA
 - 1.XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE
- II. XUSTIFICACIÓN DA ALTERNATIVA ELIXIDA E AS DETERMINACIÓN S
 - II.1. A ALTERNATIVA
 - II.2. CUMPRIMENTACIÓN DE INFORMES
 - II.3. DETERMINACIÓN S DA MODIFICACIÓN DO PLAN PARCIAL DE NAVIA

- II.4. CUMPRIMENTO DO ARTIGO 47 DA LEI 9/2002, DO 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA .
 - II.5. ESTUDIO DE SOSTIBILIDADE, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO.
 - III. NORMAS URBANÍSTICAS.
 - IV. PLAN DE ETAPAS
 - V. ESTUDIO ECONÓMICO E FINANCEIRO
- ANEXO 1 : CADROS DE CARACTERÍSTICAS.

-PLANOS:

PLANOS DE INFORMACIÓN:

- 1.1. EMPRAZAMENTO.
- 1.2. ZONIFICACIÓN E USOS PORMENORIZADOS DO PAU
- 1.3. TOPOGRÁFICO
- 1.4. PARCELARIO, CATASTRAL E USOS EXISTENTES.
- 1.5. (1.5.1. ,1.5.2. E 1.5.3.)CONEXIÓN COS SISTEMAS XERAIS

PLANOS DE ORDENACIÓN:

- 0.1. ZONIFICACIÓN E USOS PORMENORIZADOS
- 0.2. PLANTA DE VIARIO SOBRE TOPOGRAFÍA INICIAL
- 0.3. PLANTA DE VIARIO SOBRE TOPOGRAFÍA RESULTANTE (CATRO FOLLAS)
- 0.4. REDE VIARIA / SECCIÓNS TRANSVERSAIS TIPO
- 0.5. REDE VIARIA / SECCIÓNS LONXITUDINAIS DAS RÚAS (16 FOLLAS).
- 0.6. REDE DE AUGAS PLUVIAIS, RESIDUAIS E GAS
- 0.7. GALERÍAS DE SERVICIOS
- 0.8. PARCELARIO RESULTANTE
- 0.9 PLAN DE ETAPAS
- 0.10 RESIDENCIAL COLECTIVA: ORDENANZAS/CADROS DE EDIFICABILIDADES , USOS E CARACTERÍSTICAS
- 0.11 ESTUDIOS DE DETALLE DE RESIDENCIAL (2 FOLLAS)
- 0.12 CADRO DE EDIFICABILIDADES , USOS E CARACTERÍSTICAS
- 0.13 CUMPRIMENTO DA LEI 8/1997 E D 35/2000

PLANOS DE COMPARACIÓN

- C.1. MODIFICACIÓN DA ZONIFICACIÓN E USOS PORMENORIZADOS
- C.2. MODIFICACIÓN DO PLAN DE ETAPAS
- C.3.MODIFICACIÓN DOS ENLACES VIARIOS
- C.4 MODIFICACIÓN DOS SÓLIDOS R1 , R3 E R12

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE MODIFICACIÓN

A solicitude de modificación do Plan parcial aprobado xustifícase, por unha banda, nas obras executadas do primeiro cinto de circunvalación (tramo Castrelos-Bouzas) cun replantexamento non idéntico ó que figuraba no

Plan xeral e no Plan parcial, así como no trazado definitivo do segundo cinto de circunvalación, Tramo de Ricardo Mella, que afecta plenamente ó ámbito do Plan parcial.

Por esta razón o Concello de Vigo dirixiuse ó IGVS recomendando a modificación puntual do Plan parcial, co fin de adaptar e axustar o planeamento á nova situación creada polas actuacións do Ministerio de Fomento, así como, tamén, a reconsideración da distribución dos equipamentos para conseguir unha mellor funcionalidade nos usos a que están destinados.

CRITERIOS, OBXECTIVOS E DESCRICIÓN DA ORDENACIÓN PROPOSTA NA MODIFICACIÓN

A Modificación Puntual proposta mantén basicamente a ordenación e os criterios e obxectivos que impulsaron o Plan parcial aprobado, incorporando como novos criterios engadidos os seguintes:

- a) Agrupación do equipamento deportivo nunha zona de 33.100 m², o que permite unha instalación deportiva de gran aforo.
- b) Redistribución do uso docente: como consecuencia do anterior agrupamento de zonas deportivas prodúcese, tamén, unha relocalización dos usos docentes, concentrándoos en localizacións máis unitarias, nas proximidades dos centros docentes existentes. Este uso docente relaciónase coa actual lexislación escolar, e introdúcese unha posibilidade de usos alternativos máis flexible.
- c) Unificación de zonas verdes nun gran parque central, de máis de 80.000 m²
- d) O número de vivendas da totalidade do ámbito mantense igual que no Plan Parcial aprobado, en 4.345 vivendas, ó igual que a edificabilidade que tampouco se incrementa.
- e) Cumprimento dos estándares da LOUGA de equipamentos e espazos libres.
- f) Posibilidade de construír ata un cuarto soto de garaxe aparcamento nos sólidos edificables, para satisfacer as esixencias de prazas de aparcamentos en garaxes.(acordo do Consello de Xerencia do 29 de abril de 2002).

Os novos obxectivos poden resumirse nos seguintes cinco puntos:

1º Incorporar ó planeamento as modificacións operadas no sistema xeral viario, recollendo o trazado do 2º cinto e os enlaces do mesmo co solo residencial.

2º Mellorar o deseño global de dotacións e equipamentos, con respecto, en todo caso, dos mínimos esixibles segundo a LOUGA.

3º Recoller a modificación da situación en planta dos sólidos das parcelas P-XVII, P-XIX, P-XX, P-XXI.

4º Subdividir en dúas fases o ámbito da 3ª etapa.

5º Modificar a ordenanza de garaxes, permitindo a construción de ata catro sotos.

As características cuantitativas da Modificación e a xustificación do cumprimento dos mínimos estándares legais de dotacións públicas do Regulamento de Planeamento e da LOUGA resúmense no seguinte cadro:

| | | | | |
|--|--|---|-----------------------|-----------------------|
| | Superficie mínima segundo Regulamento de Planeamento | Superficie mínima segundo a Lei 9/2002, (LOUGA) | PLAN PARCIAL APROBADO | MODIFICACIÓN PROPOSTA |
|--|--|---|-----------------------|-----------------------|

| | | | | |
|---|---|--|---------------|---------------|
| Superficie do ámbito | - | - | 728.865 m2 | 728.321 m2 |
| Nº de vivendas | - | - | 4.345 vdas. | 4.345 vdas. |
| Edificabilidade residencial | - | - | 595.738 m2cR | 595.737m2cR |
| Edificabilidade terciaria e dotacional lucrativa | - | - | 122.072 m2cTD | 122.072 m2cTD |
| Total edificabilidade lucrativa | - | - | 717.810 m2c | 717.809m2c |
| Edificabilidade terciaria non lucrativa | - | - | 16.000 m2cTD | 7.384 m2cTD |
| Sistema de espacios libres de dominio e uso público | 21 m2/vda. X 4.345 vdas = 91.245 m2ZV (> 10% ámbito: 72.886 m2) | 18 m2/vda x 4.345 vdas= 78.210 m2 ZV (> 10% ámbito: 72.886 m2) | 167.163 m2 | 146.453 m2 |
| Equipamento social non lucrativo | - | - | 10.182 m2c | 10.614 m2c |
| Servicios de interese público e social:DEPORTIVO | 8 m2 /vda. X 4.345 vdas = 34.760 m2D | 10 m2/100 m2c x717.810 m2c = 71.781 m2 | 35.000 m2 | 33.100m2 |
| DOCENTE PREESCOLAR | 2 m2 / vda. X 4.345 vdas.= 8.680 m2 | | 8.730 m2 | 55.527 m2 |
| DOCENTE E.G.B. (PRIMARIA) | 10 m2/vda. X 4.345 vdas.= 43.450 m2 | | 43.570 m2 | |
| DOCENTE B.U.P. (E.S.O.) | 4 m2/vda.x 4.345 vdas.= 17.380 m2 | | 17.400 m2 | |
| APARCAMENTOS | 1 praza /100 m2c = 717.810 m2c/100 = 7.178 prazas | 2 prazas/100 m2c = 14.356 prazas (3.589 públicas) | 10.034 prazas | 14.817 prazas |

- *A proposta supón unha modificación na rede de acceso e conexión co exterior, no que se refire á intersección coa Avda. de Europa, á intersección do primeiro cinto coa Avda. Ricardo mella, enlaces co vial de servizo do primeiro cinto e paso inferior baixo este último vial.*
- *A rede viaria interior mantense sensiblemente similar ó Plan parcial aprobado, coas previsións oportunas a fin de dar cumprimento á Lei 8/97 de accesibilidade e supresión de barreiras da C.A. de Galicia e Decreto 39/2000, Regulamento que a desenvolve.*
- *As previsións de cesións de zonas verdes, dotacións e aparcamentos redúcense con relación ó Plan parcial aprobado, superando, non obstante, os mínimos establecidos no Anexo do Regulamento de Planeamento.*

- Concrétase na modificación (como xa se recomendou nos informes técnicos do expediente do anterior Plan parcial) a localización das parcelas onde se materializará o 10% de cesión de aproveitamento, sinalándose a tal fin a parcela XVII (R 12, etapas I e II, 42.500 m²c de uso residencial e 800 m²c de uso terciario) e na parcela S-2 (etapa VI, 28.600 m²c de uso social administrativo, en proindiviso).
- En canto ós servizos urbanísticos introdúcese neste Plan parcial a figura das galerías técnicas de servizos para a urbanización das etapas I, II e III, actualmente en execución.
- As ordenanzas do Plan Parcial aprobado sofren pequenas correccións e modificacións derivadas da nova proposta así como aclaracións necesarias sobre a súa interpretación xurdidas da experiencia e aplicación das mesmas.

As principais modificacións que se propoñen son:

- No artigo 13 engádense criterios específicos sobre a forma de medir a altura.
 - Trasládanse ó artigo 16 as referencias sobre normas de habitabilidade e accesibilidade que antes figuraran no artigo 10; precísanse as alturas das plantas baixas e entreplantas e a anchura dos soportais.
 - No artigo 19 corríxese o erro existente na descrición do número de plantas do sólido R1 que non se correspondía co que figuraba en planos.
 - No artigo 52 redúcese a edificabilidade para uso terciario da parcela R.12 dada a nova configuración da dita parcela.
 - Nos artigos 75 a 77 engádense Ordenanzas específicas para usos deportivos e de espazos libres que antes non figuraban.
- O Plan de etapas adapta o que figuraba no Plan parcial ás circunstancias do desenvolvemento da actuación agora coñecidas, como é a incidencia das expropiacións do cinto de circunvalación. Mantén as seis etapas previstas, aínda que a etapa III se divide en dúas fases (A e B), prevéndose que coa aprobación definitiva desta modificación puntual se inicie a etapa III, cun prazo de oito meses desde a adquisición dos terreos (entre os anos 2004 e 2005), etapa IV (ano 2.005), etapa V (ano 2.005) e etapa VI (ano 2.006).
 - Igualmente o estudo económico-financieiro recolle as variacións orzamentarias derivadas do proxecto de urbanización en relación coas previsións iniciais do Plan parcial, actualizando a estimación dos gastos por implantación de servizos e execución das obras de urbanización, que pasan de 21.633.486 € que figuraban no Plan parcial aprobado a 58.672.993,75 € na documentación agora presentada.
 - A modificación afecta á localización das zonas verdes previstas no Plan Parcial aprobado, así como á cantidade de zonas verdes que se ven reducidas de 167.163 m² a 146.453 m², polas causas xustificadas que se citan no expediente. Xa que logo, trátase dunha modificación cualificada, das referidas no artigo 94.4 da LOUGA (Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia) que requirirá do informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo.
 - Así mesmo a modificación supón unha diminución de dotacións públicas escolares e deportivas. De acordo co artigo 94.5 da mesma LOUGA, xustifícase no expediente a innecesariedade das dotacións que se reducen e o cumprimento dos estándares de reserva mínima establecidos na Lei.
 - Os planos presentados permiten a comparación da modificación co Plan parcial aprobado. Mesmo engadíronse os planos comparativos c.1, c.2, c.3 e c.4, confeccionados para aclaración da modificación, segundo suxerencia

do Subdirector Xeral de Disciplina e Informes da Dirección Xeral de Urbanismo da CPTOPV no seu informe previo á aprobación definitiva de data.11.2002.

- A Memoria fai constar expresamente, no apartado 2.3.2.2. e nos planos, o cumprimento da lei 8/97 de accesibilidade, sinalando as determinacións normativas de aplicación e as solucións adoptadas para o seu cumprimento, tal e como esixe o artigo 63 do Decreto 35 /2000, polo que se aproba o Regulamento de accesibilidade.
- Igualmente, con relación ó Plan parcial aprobado, incorporanse á documentación as novidades derivadas da LOUGA agora vixente. Así, no artigo 2.4. xustifícase o cumprimento dos estándares de sostibilidade, calidade de vida e cohesión social dos artigos 46 e 47 da LOUGA e no artigo 2.5 da documentación incorpórase un estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, esixido polo artigo 65 da LOUGA.

ANÁLISE DO CONTIDO DA MODIFICACIÓN

A) MODIFICACIÓNS DO SISTEMA XERAL VIARIO E ENLACES Á ZONA RESIDENCIAL

Ó resultar afectado o ámbito por estradas de titularidade estatal --Primeiro Cinto de Circunvalación. Tramo Castrelos-Bouzas, e Segundo Cinto de Circunvalación. Tramo de conexión Castrelos-Bouzas coa Autopista Puxeiros-Val Miñor-- solicitouse informe do Ministerio de Fomento; solicitude que foi contestada a medio de tres sucesivos informes: da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, de data 26 de setembro de 2002, no que se formularon reparos á proposta dedisposición dos accesos; de 14 de abril de 2003, do Director Xeral de Estradas, polo que se prestou conformidade á liña de edificación prevista na modificación e de 4 de xuño de 2.003, do Enxeñeiro Xefe da Unidade da mesma Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, no que se considera que coa disposición de accesos proposta dase cumprida resposta os reparos efectuados no informe ó Plan parcial de 26 de setembro de 2002, que recolle a proposta elaborada, de mutuo acordo, pola Demarcación de Estradas e Xestur.

B) MODIFICACIÓN DA LOCALIZACIÓN E DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS

A modificación proposta reduce a superficie destinada a equipamentos públicos, en relación ó planeamento parcial aprobado, superándose, non obstante, os estándares mínimos de calidade de vida e cohesión social que establece o artigo 47.2 da LOUGA neste tipo de solo, tal como se pode comprobar no cadro precedente deste informe.

Non obstante, de acordo co disposto no artigo 94.5 da LOUGA, as modificacións de planeamento que impliquen diminución ou eliminación de dotacións públicas deben preve-la substitución das que se eliminen por outras de superficie e funcionalidade similar no mesmo sector, agás que se xustifique a súa innecesariedade e se manteñan os estándares de reserva mínimos establecidos na Lei.

Nese senso solicitáronse informes das Consellería de Educación e de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia, e das Concellerías de Deportes e Educación do Concello de Vigo, relativos á procedencia da redución de dotacións deportivas e educativas.

No referente á dotación deportiva, na que se propón a redución da superficie destinada a ese uso que pasaría de 35.000 m², que figuran no Plan parcial aprobado, a 33.100 m², a Concellería de de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia procedeu á devolución da documentación remitida informando, con data de 11 de maio de 2004, que non lle corresponde efectuar ningún pronunciamento sobre a cuestión.

O director deportivo do Instituto Municipal de Deportes, adscrito á Concellería da área de Promoción Económica e Deportes, informou o 19 de maio de 2004 que as previsións do Servizos de Deportes en relación co equipamento deportivo ascenden a 30.000 m², polo que, malia a redución observada, debe entenderse suficiente a reserva prevista.

No tocante á dotación pública de equipamento educativo, que pasaría de 69.700 m², que figuran no Plan parcial aprobado, a 55.527 m², o Xefe da Unidade Técnica da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia informou o 4 de xuño de 2.004, en informe recibido vía fax, que a pesares de que a superficie destinada a uso educativo é menor no plan modificado, debe considerarse, tamén, que a agrupación de parcelas que se produce mellora a versatilidade para posibles variacións nos edificios educativos, considerando, polo tanto, conveniente a dita modificación.

Pola súa parte, a Concellería de Educación do Concello de Vigo, con data 24 de xuño de 2004, informou, igualmente, que a superficie proposta para uso escolar na modificación é suficiente para o ámbito, polo que resulta xustificada, xa que logo, a innecesiedade da prevista no Plan parcial aprobado.

A diminución que se produce na superficie de espazos libres e zonas verdes débese fundamentalmente á afección producida polo Segundo Cinto de Circunvalación, trazado, precisamente, por parte das zonas verdes do Plan parcial aprobado definitivamente, cando xa estaba en fase de execución.

Esta diminución, totalmente xustificada e inevitable, compénsase, non obstante, coa mellora da funcionalidade que aporta a concentración de zonas verdes propostas na modificación, superando notablemente, por outra parte, o conxunto das zonas verdes e libres resultantes os mínimos esixidos polo artigo 47 LOUGA para este tipo de actuación surbanísticas.

C) MODIFICACIÓN DO REPLANTEO DALGUNHAS PARCELA

Estas modificacións son consecuencia directa da execución do Segundo Cinto de Circunvalación e a súa repercusión, e a dos seus accesos, na urbanización interior do polígono que fai preciso a modificación dos sólidos nalgunhas parcelas.

O novo replanteo, tanto de sólidos como de aliñacións e viais queda aclarado tanto no novo plano 0.1, como no plano comparativo c.1.

D) SUBDIVISIÓN DA ETAPA 3 EN DÚAS FASES

A proposta de subdivisión da etapa 3, en dúas fases, xustifícase, a xuízo do redactor da modificación, na necesidade de facilitar a xestión e a execución do viario principal, e a súa conexión coa galería de servizos executadas nas etapas 1ª e 2ª.

Non obstante, debe precisarse que, de acordo co disposto no artigo 54 do Regulamento de Planeamento, as etapas dun plan parcial o son unicamente ós efectos de realización das obras de urbanización (e desde ese punto de vista parece xustificada a proposta de modificación), pero desde o punto de vista da xestión do polígono, deberá terse en conta que o sistema de actuación previsto polo Plan xeral, e desenvolvido no Plan parcial, é o de expropiación, e que a actuación parte da necesidade de expropiar a totalidade dos terreos do sector que xeran o aproveitamento materializable nas primeiras etapas. Por esta razón, o IGVS, non obstante a súa obriga polo Convenio e polo Plan

parcial de proceder á expropiación de todo o sector, deberá ter adquirido, en cada momento, unha cantidade de solo suficiente que xere os aproveitamentos urbanísticos que pretende materializar en cada etapa ou garantir o seu valor.

E) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE GARAXES

A necesidade de dispor dunha maior superficie en sotos para poder cumprir á reserva mínima obrigatoria de prazas de aparcamento por vivenda, prevista no Plan xeral, foi observada xa con motivo da concesión das primeiras licencias de obra no ámbito e motivou o acordo plenario de 29 de abril de 2.002, polo cal se considerou un erro material do Plan parcial a limitación de superficies baixo rasante cando fora contraria coa determinacións sobre prazas de garaxe obrigatoriamente vencelladas ó número de vivendas.

Coa modificación que se pretende agora, queda resolta esta cuestión, permitíndose ata catro sotos o que permite elevar o número de prazas de aparcamento do Plan parcial a 14.599.

Contén a documentación da modificación as reservas para as prazas de aparcamento públicas. Non obstante, os emprazamentos sinalados para estas nas parcelas de aproveitamento lucrativo quizais deban ser reconsiderados na aprobación definitiva da modificación, aproveitando, así, as eventuais suxerencias e alegacións que ó respecto se poidan producir no trámite de información ó público do expediente.

As contradicción entre o número de prazas que se citan no punto 2.3.3. da memoria e a que figura nos cadros deberán correxirse na documentación que se someta á exposición ó público.

Finamente, outras modificacións que se propoñen nas ordenanzas, relativas ás formas de medir as alturas, ás medicións de plantas e entreplantas, e dimensións dos soportais responden, igualmente, a problemas técnicos observados na aplicación das ordenanzas do Plan parcial en anteriores expedientes de licencias, derivados dos desniveis do terreo e da ordenación detallada aprobada.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Por non atoparse o vixente Plan xeral de Vigo adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) deberá terse en conta o réxime transitorio desta norma.

II. O solo incluído no ámbito da modificación debe considerarse como solo urbanizable delimitado, por tratarse dun solo urbanizable programado, con Plan parcial aprobado, pero sen rematar as obras de urbanización (Disposición transitoria 1ª 1.d LOUGA). Ó solo urbanizable delimitado aplicaráselle o disposto na dita lei, sen prexuízo de respecta-los usos e intensidades previstos polo planeamento xeral vixente.

III. A alteración do contido dos instrumentos de planeamento configúrase como unha potestade administrativa, a denominada “potestas variandi”, que corresponde ás entidades locais e a Comunidade Autónoma, como administracións con competencias na formulación do planeamento, para iniciar discrecionalmente a súa modificación ou, no seu caso, revisión, a fin de adaptalo ás esixencias cambiantes do interese público.

Dita alteración, segundo dispón o artigo 93 LOUGA, pode ter lugar mediante a revisión dos mesmos ou a modificación dalgún ou algúns dos elementos que os constitúen. No presente caso, habida conta a entidade e características da modificación pretendida, a mesma reviste os caracteres dunha mera modificación de elementos puntuais do plan parcial.

IV. O artigo 94 da LOUGA establece que calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentalmente en razóns de interese público debidamente xustificadas, e o artigo 93 precisa que a modificación de calquera elemento dos plans suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

V. A modificación axústase no seu obxecto, determinacións e documentación ó establecido para os plans parciais nos artigos 63, 64 e 65 da LOUGA.

A modificación contén, como anexo, un estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, elaborado polo equipo redactor do Plan parcial, que foi remitido ós servizos técnicos de Medio Ambiente do Concello, sen que ata o momento fóra informado. Non obstante este informe poderá incorporarse ó expediente antes da aprobación definitiva (artigo 86.1.c LOUGA).

Incorpora, asimismo, a documentación da modificación unha proposta de parcelación do ámbito, que ó non ser determinación propia dos plans parciais deberá ser aprobada, independentemente da modificación do que nos ocupa, simultánea ou posteriormente á aprobación definitiva do presente expediente, e sempre respecto dos terreos adquiridos por XESTUR PONTEVEDRA. Esta aprobación, como licenza de parcelación que é, corresponderá ó Concelleiro Delegado de Urbanismo e Medio Ambiente, por delegación da Xunta de Goberno Local, e poderá ter lugar paralelamente á declaración de innecesariedade da reparcelación dos terreos das distintas fases que, por pertenza a un mesmo propietario, poderá acordar a Xunta de Goberno Local; acordo que producirá a cesión de dereito ó Municipio, en pleno dereito e libre de cargas, de todos os terreos de cesión obligatoria para a súa incorporación ó patrimonio municipal do solo ou a súa afección conforme os usos previstos no plan.

VI. A presente modificación fundaméntase en razóns de interese público debidamente xustificadas na memoria xustificativa e é conforme ó vixente PXOU, sen que proceda formular obxeccións en relación coa calidade da ordenación proxectada.

Por tratarse dunha modificación que afecta ás zonas verdes e espazos libres públicos, a súa aprobación requirirá ó previo informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia (artigo 94.4 da LOUGA).

VII. En cumprimento da lexislación sectorial de aplicación, constan no expediente os informes da Demarcación de Estradas do Estado e da Xunta de Galicia.

VIII. Na tramitación do expediente haberase de seguir o disposto no artigo 86 da LOUGA para os plans parciais

IX.- É competente para aprobar inicialmente a presente modificación do Plan parcial de Navia a Xunta de Goberno Local e para a aprobación definitiva o Concello–Pleno, por maioría simple, de conformidade cos artigos 127. 1. d) e 123.1. i) da LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

PROPOSTA DE ACORDO.-

Polo exposto e de acordo coas anteriores consideracións e artigos citados proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN PARCIAL DE NAVIA (expediente 7849/411) solicitada polo XESTUR PONTEVEDRA o 23 de abril de 2004, segundo a documentación redactada pola entidade ALAMEDA 12 S.L., asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Don Benito Fernández, con data de Febreiro de 2.004.

Segundo .- O acordo de aprobación inicial determinará, por si só, a suspensión do procedemento do outorgamento de licencias nos ámbitos do territorio obxecto desta modificación de planeamento nos que as novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente (artigo 77.2 LOUGA). Non obstante, poderán concederse licencias basadas no réxime vixente, sempre que se respeten as determinacións do novo planeamento (artigo 120. 1 RPU).

Terceiro.- Correxidas que sexa a contradicción observada entre o número de prazas de aparcamento que se citan no punto 2.3.3. da memoria e o que figura nos cadros da mesma, sométase o expediente ó trámite de información pública polo prazo dun mes, de acordo co disposto no artigo 86.1 da LOUGA, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous xornais de maior circulación da provincia, debendo publicarse o anuncio, neste último caso, en cada xornal, en dous días consecutivos, con notificación individualizada a tódolos propietarios do ámbito.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

19(946).-EXPEDIENTE EXPROPIATORIO DOS BENS E DEREITOS DOS PROPIETARIOS DO PERI II-06 CARBALLA NON INCORPORADOS Á XUNTA DE COMPENSACIÓN. ARQUIVO DAS ACTUACIÓNS. EXPTE. 100/413.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento da Xerencia de Urbanismo, do 5.07.04, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- O Pleno da Corporación, en sesión de 14 de xaneiro de 1994, aprobou definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior II-06 Carballa. No acordo aprobatorio, entroutras disposicións, requiriuse dos promotores do instrumento de planeamento a presentación ante esta Administración municipal dun texto refundido que incluíse, sobre o documento inicialmente aprobado, as modificacións introducidas no acordo de aprobación definitiva; texto refundido que foi aprobado por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 6 de xuño de 1997.

2º.- Por acordos do Consello da Xerencia do 6 de xuño de 1997, 18 de xullo de 1997 e 10 de xullo de 1998, requiriuse da Comisión Xestora, constituída para a execución do planeamento aprobado, a convocatoria da correspondente asemblea xeral extraordinaria para, unha vez se producise a publicación das ordenanzas do PERI CARBALLA no BOP, se procedese a convalidación, cando menos, dos acordos para a constitución da Xunta de Compensación en escritura pública e o acordo de aprobación inicial do proxecto de compensación.

3º.- En sesión do día 28 de outubro de 1998, o Consello da Xerencia de Urbanismo, acordou aproba-las escrituras públicas outorgadas ante os notarios desta cidade Sres. Rueda Pérez e Somoza Sánchez, de ratificación da acta de constitución da Xunta de Compensación do Polígono Carballa, protocolizada o día 19 de agosto de 1994 polo notario de Vigo, don Gerardo García-Boente Sánchez, ó número 2.282 de orde do seu protocolo, dando así por cumprimentados os devanditos acordos. No mesmo acordo ordenouse, tamén, a suspensión da tramitación do proxecto de compensación presentado por ser absolutamente imprescindible para continuar coa súa tramitación a previa expropiación de todos aqueles terreos incluídos no ámbito do PERI, os propietarios dos cales non outorgaron a correspondente escritura de ratificación a instancia e en beneficio da Xunta de Compensación, tal e como se fundamenta na parte expositiva do citado acordo.

4º.- En novembro de 1998, remitiuse notificación individualizada do citado acordo ós propietarios de terreos situados no ámbito do PERI II-06 CARBALLA que non outorgaron as devanditas escrituras de ratificación, requeríndolos para que no prazo dun mes outorgasen as mesmas e, no seu caso, escritura de adhesión á Xunta de Compensación, advertíndolles que de non outorga-las citadas escrituras teríaselles por non incorporados á Xunta de Compensación e, en consecuencia, a mesma podería solicitar da Administración actuante a expropiación dos predios da súa propiedade tendo a citada Xunta a condición de beneficiaria da expropiación.

5º.- En data 13 de maio de 1999, D. Manuel Domínguez Rodríguez, en calidade de presidente da Xunta de Compensación do PERI II.06 CARBALLA presentou instancia no Rexistro da Xerencia solicitando a expropiación polo procedemento de taxación conxunta dos predios incluídos no ámbito do PERI, os propietarios dos cales non se incorporaron en prazo e forma á Xunta de Compensación.

Por esta Xerencia iniciouse a tramitación do procedemento de expropiación, someténdose o expediente a información pública, conforme o artigo 145 da Lei do solo Galicia, mediante a inserción de anuncios no DOG, nº 152 do 9.8.99, xornal Faro de Vigo do 9.7.99 e taboleiro de edictos do Concello, con notificación individual ós propietarios afectados, traslado literal dos criterios de valoración e follas de aprecio, e práctica de nota marxinal da expedición de certificación de dominio e cargas das fincas inscritas afectadas de expropiación. Á vista das alegacións formuladas no tábore de exposición ó público do expediente esta Administración municipal requeriu da Xunta de Compensación a introducción de determinadas modificacións no proxecto de expropiación; trámite no que actualmente se atopa o expediente.

6º.- Interposto recurso contencioso-administrativo --o número 02/6727/1998-- pola "Asociación de Propietarios e Veciños da Carballa" contra os acordos citados nos antecedentes que preceden, a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por sentenza --devida firme-- de 27 de marzo de 2003, resolveu inadmiti-lo mesmo en canto que dirixido contra os acordos municipais de 14 de xaneiro de 1994, polo que se aprobou definitivamente o PERI II-06 Carballa; de 6 de xuño de 1997, polo que se aprobou o seu texto refundido; de 10 de xullo de 1998, sobre execución do de 6 de xuño de 1997, sobre convalidación da constitución da Xunta de Compensación e contra a desestimación presunta do recurso ordinario formulado pola actora o 19 de agosto de 1998 contra a aprobación do citado Texto Refundido e contra o acordo de 10 de agosto de 1998, estimándoo en canto que dirixido contra o acordo de 28 de outubro de 1998, de aprobación municipal das referidas escrituras públicas de ratificación, como acto de aplicación do PERI II-06 Carballa, en base á consideración como reserva de dispensación no plan especial da exclusión da edificabilidade consolidada do seu ámbito.

7º.- Tras esta sentenza, Dª Leonila Amoedo Vilas e outros titulares de bens e dereitos afectados de expropiación por non incorporación á Xunta de Compensación do polígono, con datas 12 e 14 de agosto de 2003, solicitaron a suspensión e o arquivo do expediente de expropiación e o libramento do correspondente certificado

administrativo para a cancelación das notas marxinais practicadas nas súas respectivas fincas, que non reflicte a verdadeira situación das mesmas e lle ocasiona graves prexuízos. Esta petición foi reiterada en escritos de 17 e 18 de xuño de 2004 solicitando a responsabilidade disciplinaria de quen suscribe pola demora na contestación da súa petición.

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

I.- Á vista sentenza firme da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 27 de marzo de 2003, polo que se anulou o acordo de 28 de outubro de 1998, de aprobación municipal das escrituras públicas de ratificación da acta de constitución da Xunta de Compensación do Polígono Carballa, protocolizada o día 19 de agosto de 1994 polo notario de Vigo, don Gerardo García-Boente Sánchez, ó número 2.282 de orde do seu protocolo, como acto de aplicación do PERI II-06 Carballa, esta Administración municipal suspendeu de feito a tramitación do expediente de expropiación. Ningunha actuación tivo lugar neste expediente de expropiación trala notificación da devandita sentenza, rexistrándose como única resolución posterior, en relación coa ordenación e execución deste ámbito, o acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de maio de 2004, polo cal se prestou conformidade ó informe de 2 de abril do mesmo ano, no que, polo que agora interesa, propónse a modificación do ámbito do plan especial no seo do proceso de revisión do Plan Xeral, actualmente en marcha e, no que á xestión atinxe, a asunción da iniciativa da actuación por esta Administración municipal, mediante a determinación no novo Plan Xeral, para este ámbito, da cooperación como sistema de actuación; acordo do que tomaron perfecto coñecemento os recurrentes tal e como se desprende dos seus escritos.

II.- Doutra parte, e polo que se refire ás notas marxinais da expedición de certificación de dominio e cargas das fincas inscritas afectadas de expropiación, a cancelación das cales solicitan os reclamantes, ten de informarse que os ditos asientos caducaron xa no ano 2002, pois, de acordo co artigo 22 do R.D. 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ó Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre Inscripción no Rexistro da Propiedade de Actos de Natureza Urbanística, conforme ó cal se practicaron as ditas notas marxinais, estas se cancelarán "por caducidade, transcurridos tres anos desde a súa data --ano 1999-- se no rexistro non consta algún novo asento relacionado co mesmo expediente".

Como queira que non existen, con relación ás fincas inscritas que nos ocupan, asentos posteriores ó dito ano relacionados co expediente, o Rexistrador, de oficio ou a petición do propietario interesado, deberá cancelalos por caducidade; ó que efectivamente fará o facilitar calquer información rexistral en relación ás ditas fincas.

III.- Así pois, a suspensión de feito do procedemento expropiatorio; a intención manifestada desta Corporación municipal de non continuar co mesmo, oportunamente comunicada ós solicitantes; a caducidade das ditas notas marxinais, que poden ser perfectamente canceladas polo Rexistrador da Propiedade a petición dos propietarios interesados e necesariamente ó expedir unha información rexistral respecto das fincas obxecto do expediente e, finalmente, o volume de traballo desta oficina de Planeamento e Xestión Urbanística determinaron a demora na formulación da proposta de resolución expresa á petición formulada de suspensión e arquivo do expediente expropiatorio que nos ocupa.

IV.- Non obstante, as anteditas circunstancias non eximen da obriga de dictar resolución expresa sobre a petición formulada, con relación a cal procede informar que tendo por fundamento a expropiación que nos ocupa a falta de incorporación de determinados propietarios á Xunta de Compensación do PERI II-06 Carballa (artigos 162.5 RGU e 134 LSG de 1997) e declarado nulo por sentenza firme o acordo de 28 de outubro de 1998, a virtude do cal tívose por constituída a xunta de compensación do polígono, inexistente na súa orixe xunta de compensación

a que incorporarse, non procede, xa que logo, a continuación do procedemento expropiatorio por falta de incorporación á dita xunta de compensación.

V.- De conformidade co artigo 127. 1. d) LRBRL é competente para adoutar o acordo que se propón, en canto que referido á resolución sobre un instrumento de xestión urbanística, a Xunta de Goberno Local.

Por todo o exposto e de acordo coas precedentes consideracións e artigos citados proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O

Primeiro.- Deixar sen efecto e proceder ó arquivo do procedemento expropiatorio seguido por esta Administración municipal, polo procedemento de taxación conxunta, en relación cos bens e dereitos incluídos no polígono único delimitado para a execución do PERI II-06 Carballa, cuxos propietarios non se incorporaron en prazo e forma a súa xunta de compensación, a cal se tivo por constituída a virtude das escrituras públicas referidas nos antecedentes deste acordo, aprobadas por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 28 de outubro de 1998, declarado nulo por sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de de 27 de marzo de 2003, no recurso contencioso-administrativo número 02/6727/1998.

Segundo.- Notifíquese, en legal forma, a presente resolución ós interesados no expediente e dese traslado da mesma ó Rexistro da Propiedade número 3 dos de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

20(947).- APROBACIÓN INICIAL ESTUDIO DE DETALLE NA RÚA TOMÁS A. ALONSO, 190. EXPTE. 8451/411.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Barrios Históricos da Xerencia de Urbanismo, do 8.07.04, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A entidade mercantil Belesar Promociones y Proyectos inmobiliarios S.L, presenta no Rexistro xeral da Xerencia municipal de urbanismo, solicitude de aprobación dun estudio de detalle de ordenación de volumes na parcela do número 190 da rúa Tomás Alonso, según proxecto redactado pola arquitecta Mónica López Corcoba en abril de 2003 e xaneiro de 2004, visado polo Colexio profesional o 13 de xuño de 2003 e 26 de xaneiro de 2004.

O expediente informouse pola arquitecta municipal o 1 de xuño de 2004, significando que de acordo coas aliñacións definidas no Plan especial de protección e reforma interior de Bouzas, no que se emplaza a finca, establécese unha superficie de cesión destinada a ser incorporada á rotonda da rúa Tomás Alonso, sen rematar, e á ampliación da rúa Simancas, según plano de deslinde. O sólido resultante está formado por dous volumes diferenciados no número de plantas: un deles de planta baixa, tres plantas e baixo cuberta, con fachada a Tomás Alonso, e outro de planta baixa, dous plantas e azotea con frachada á rúa Simancas.

DEREITO

ACTUACIÓN PROPOSTA

Preténdese a ordenación dos volumes a crear no solar do número 190 da rúa Tomás Alonso, dunha superficie según escritura pública de compravenda número 11 do protocolo da notaria Cristina Mosquera Criado de data 07-01-04, de trescentos sesenta e seis metros cadrados, clasificado como solo urbano consolidado no Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia, dentro cuarteirón nº 11 do Plan especial de protección e reforma interior do Conxunto histórico de Bouzas aprobado definitivamente en sesión plenaria do 30 de setembro de 2002.

A ficha específica de condicións urbanísticas da parcela obriga a redactar un estudio de detalle de ordenación de volumes que propicie o correcto xiro na rúa, debendo enrasar a cornixa o 50% na rúa Simancas co edificio número 32, recuando tres metros do lindeiro e rematando con azotea. O resto enrasará cornixa con Tomás Alonso. O espacio de remate da glorieta quedará incorporado a esta de forma gratuita.

Tratándose de solo urbano consolidado, de conformidade co previsto no artigo 19 letra “a” da Lei 9/2002, de ordenación urbanística de Galicia, a cesión urbanizada do espacio destinado a vial, cinto vinta e catro metros consesenta e seis centímetros cadrados, formalizarase con ocasión do outorgamento da licenza de construción

O estudio de detalle responde ós obxectivos expresados no artigo 73.2 da citada Lei do solo, en canto se ordenan os volumes edificables e se definen as condicións estéticas e de composición da edificación complementarias de planeamento.

Determinacións de planeamento

Según previsións dos artigos 73.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, e 65.4 RPU, na ordenación do volume, non se altera o destino urbanístico do solo, nin se incrementa o aproveitamento urbanístico, nin se reducen ou modifican as superficies destinadas a viais, espacios libres ou dotacións públicas, o espacio destinado a rotonda é de cinto vinta e catro metros consesenta e seis centímetros cadrados, nin se prevé apertura de viais de uso público que non estean previamente recollidas no plan especial, nin se aumenta a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso, nin se parcela o solo, nin se infrinxen as demais limitacións do Plan especial, nin por último, se establecen novos usos e ordenanzas.

A edificabilidade, alturas, aliñacións composición de fachada, e cuberta, según indica a arquitecta municipal respectan as determinacións do plan.

DOCUMENTACIÓN

O estudio de detalle presentado contén a documentación xustificativa do seu contido, de conformidade co artigo 66 do Regulamento de planeamento urbanístico do 23 de xuño de 1978.

PROCEDEMENTO E COMPETENCIA

Na tramitación do expediente recabouse o informe técnico preceptivo ó abeiro da lexislación de procedemento local, sección terceira do capítulo primeiro do título quinto do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais do 28 de novembro de 1986.

Según o artigo 86.2 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza os estudos de detalle aprobaranse inicialmente polo órgano municipal competente, e sometidos logo a información pública durante un prazo mínimo de vinte días mediante anuncio que se publicará no DOGA, e nun dos xornais de maior circulación na provincia. Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente coas modificacións que resulten pertinentes.

.A aprobación dos proxectos de instrumentos de ordenación urbanística cuia aprobación definitiva corresponda ó Pleno, correspóndelle, entrada en vigor a Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, á Xunta de goberno local, segundo o disposto no artigo 127.1.daquela.

Según o exposto, formúlase á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Aprobar inicialmente o estudio de detalle de ordenación de volumes na parcela do número 190 da rúa Tomás Alonso, presentado pola entidade mercantil Belesar Promociones y Poryectos inmobiliarios S.L, sendo a actual propietaria a entidade Construcciones Armesto e Hijos S.L según proxecto redactado pola arquitecta Mónica López Corcoba en abril de 2003 e xaneiro de 2004, visado polo Colexio profesional o 13 de xuño de 2003 e 26 de xaneiro de 2004.

Segundo.- Someter o expediente a información pública durante o prazo de vinte días mediante publicación de anuncios no DOG e nun dos xornais de maior circulación da provincia, con notificación individual ós propietarios afectados.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

21(948).- APROBACIÓN DEFINITIVA PROXECTO DE OBRAS COMPLEMENTARIAS DE ACONDICIONAMENTO DE SUPERFICIE DA RÚA ROUPEIRO. EXPTE. 4525/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia de Urbanismo, do 5.07.04, que di o seguinte:

Á vista do expediente referenciado no asunto resultan relevantes para a resolución do mesmo os seguintes

FEITOS:

- 1) *Con rexistro de entrada de data de 9 de xuño de 2.004 e número de documento 40059701 as Xuntas de Compensación das UU. AA. "García Barbón 27-23" e "I-05 Rosalía de Castro 1", achegaron o PROXECTO DE OBRAS COMPLEMENTARIAS-ACONDICIONAMENTO EN SUPERFICIE DA RÚA ROUPEIRO", redactado polo arquitecto don ALBERTO IGLESIAS ÁLVAREZ e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data de 4 de xuño de 2.004.*

- 2) Con data de 16 de xuño de 2.004, o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas informou que "con fecha 9 de junio, se presenta por parte de las juntas de Compensación de las U.A. García Barbón 27-33 y U.A. I-05 Rosalía de Castro 1, el Proyecto de referencia.

Este tiene por objeto, definir las unidades de obra precisas, fundamentalmente para el cambio de pavimentos y redistribución de la sección transversal de la calle Roupeiro; esta tendrá una calzada de 3,20 m de ancho en aglomerado asfáltico en caliente, y dos aceras con pavimento de losas de granito a las que se les asigna el resto de los 7,- metros que tiene la sección transversal de la calle. La mínima diferencia en contra entre calzada y aceras, se salvaguarda con la colocación de bolardos. Para posibilitar el cruce de vehículos, se habilita una zona de ensanche a mitad del trazado.

Estas obras se aprovecharán para sustituir el colector del saneamiento, no así la red de abastecimiento salvo que su estado lo demande, los sumideros de recogida de pluviales, adecuar la iluminación pública, y suprimir el estacionamiento en superficie haciendo primar el uso peatonal de una calle cuya entidad así lo aconseja.

En consecuencia las obras no tiene entidad suficiente para constituir un proyecto de urbanización, sino que se trata de uno de obras ordinarias a tenor de lo indicado en artículo 67.3 del RPU. La calle no incluida en ninguno de los Proyectos de Urbanización de las entidades que lo promueven, presenta un deteriorado estado, derivado de la ejecución de los proyectos antes mencionados por lo que es recomendable la ejecución de las obras que se presentan, debiendo avalarse las mismas por importe del 100% del presupuesto".

- 3) Con rexistro de entrada de data 30 de xuño de 2004 e numero de documento 40068705, tivo entrada a solicitude de "CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES MIRÓN Y GUTIÉRREZ, S.A. PONTEVEDRA" remitindo aval do "BANCO PASTOR", a favor da Xunta de Compensación U.E. 1,2 e 3 A. Actuación I, PERI I-07, Rosalía de Castro-1", por importe de 23.670,75 €, para respostar das "Obras de acondicionamento en superficie na rúa Roupeiro (Vigo). Non obstante, segundo consta no proxecto achegado, o orzamento de execución material, ascende á cantidade de 47.241,49€.

- 4) Asemade, sinálanse como precedentes:

- a) Que, baixo o número de expediente 2232/411, se tramitou a Delimitación da U.A. e Estudio de Detalle do Cuarteirón núm 22 do PEEC.
- b) Que, baixo o número de expediente 4068/401, se tramitou o Proxecto de compensación do cuarteirón núm. 22 do PEEC, García Barbón 27-33 e Roupeiro.
- c) Que, baixo o número de expediente 4235/401, tramitouse o Proxecto de Urbanización da unidade de actuación "García Barbón 27-33 rúa Roupeiro".
- d) Que con anterioridade a este expediente e unido a este figura o expediente 4420/401 no que consta un anterior proxecto, que non chegou a ser aprobado.

A estes feitos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I.- De conformidade co artigo 67.2º e 3º do Regulamento de Planeamento Urbanístico, aprobado por Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, con independencia dos proxectos de urbanización, poderán redactarse e aprobarse, conforme á normativa do ente interesado, proxectos de obras ordinarias que non teñan por obxecto desenvolver integralmente o conxunto de determinacións dun Plan de Ordenación.

II.- Os artigos 290 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia e o 88 e seguintes do Texto refundido de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, -este último de aplicación supletoria segundo o disposto na D.F. 7ª- en canto regulan as obras locais.

III.- O artigo 124 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, en canto ó contido dos proxectos de obras e a responsabilidade da súa elaboración. O proxecto achegado contén o Anexo de cumprimento das normas de accesibilidade a edificios, Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, que a desenvolve.

IV.- En canto á obrigatoriedade de garantir a execución das obras, o apartado 3.8.11.i) do Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1.993 (páx. 78 BOP nº 133 do 14/07/93), segundo o cal deben garantirse a execución das obras recollidas no proxecto de referencia mediante a constitución da correspondente fianza ou aval por importe do 100% do orzamento da obra en caso de edificación con anterioridade á íntegra execución da urbanización.

V.- En canto á competencia, segundo o artigo 127.1 da Lei reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve a PROPOSTA para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o PROXECTO DE OBRAS COMPLEMENTARIAS-ACONDICIONAMENTO EN SUPERFICIE DA RÚA ROUPEIRO", promovido polas Xuntas de Compensación das UU. AA. "García Barbón 27-23" e "I-05 Rosalía de Castro 1", redactado polo arquitecto don ALBERTO IGLESIAS ÁLVAREZ e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data de 4 de xuño de 2.004. (Expte. 4525/401).

SEGUNDO: Para poder solicitar licencia de edificación antes da finalización e recepción das obras contempladas neste proxecto, deberá estar previamente garantido o importe correspondente ó 100% do orzamento das obras, que ascende a 47.241,49 €, como garantía da súa execución. En consecuencia, darase traslado do presente acordo á Oficina de Licencias.

TERCEIRO: No momento inmediatamente anterior ó do inicio das obras efectuarase un replanteo das mesmas en coordinación cos técnicos do departamento de Vías e Obras do Concello. Asemade, ó solicitar a súa recepción facilitarase representación planimétrica do realmente executado en soporte informático. En consecuencia, darase traslado do presente acordo ó Servicio de Vías e Obras.

CUARTO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpor alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

22(949).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 14.552,9 € A FAVOR DE “ESTUDIO A. MORENO S.L.” EN CONCEPTO ASISTENCIA TÉCNICA PARA A DIRECCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA FRAGOSO. EXPTE. 31911/250.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de Intervención Xeral do 9 e 14 de xuño de 2004 e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 13.07.04, conformado polo enxeñeiro xefe e polo concelleiro delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Recoñecer o gasto necesario para aboar as facturas nº 152/01 e nº 102/02 presentadas ao cobro por Estudio A. Moreno S.L. por importe total de 14.552,29 € con cargo á partida presupostaria 511.0.227.06.00 dos presupostos prorrogados do ano 2003 para o 2004 do Servizo de Vías e Obra, polo que o solicitante considérase, -segundo a súa propia declaración-, resarcido de tódolos gastos derivados da execución dos traballos realizados.

2º.- Do presente acordo deberá darse conta ó Pleno da Corporación en cumprimento do previsto nas Bases de Execución do Presuposto.

23(950).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE BEMBRIVE (2ª FASE) EXPTE. 41352/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 14.07.04, conformado polo concelleiro de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data marzo 2004 Aqualia empresa concesionaria dos servizos municipais de saneamento e abastecemento de auga, remite o proxecto de AMPLIACIÓN DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE BEMBRIVE (2ª- Fase).

O obxecto do proxecto e ampliación da rede de saneamento da parroquia, para atender ás solicitudes de representantes veciñais, para dotar de este servizo a zonas non incluídas nas obras cofinanciadas polos fondos Europeos.

O proxecto foi redactado pola (Consultoría ESINPRO) en data marzo 2004

O presuposto base de licitación ascende á cantidade de 1.175.069,90 Euros (Un millón cento setenta e cinco mil sesenta e nove euros con noventa céntimos), IVE excluído. O cadro de prezos unitarios é o aprobado a concesionaria para proxectos de inversións P.I.C.

O proxecto incorporo o correspondente estudio de Seguridade e Saúde dacordo co ó artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de Outubro.

Para a redacción deste proxecto se tivo en conta a normativa técnica que e de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2000 de 16 de Xuño, no seu Regulamento Xeral.

No punto 15 da memoria maniféstase expresamente que o proxecto esta referido a unha obra completa, susceptible de ser entregada ouso público e posta en servizo a conclusión das obras dacordo co establecido nos artigos 125 e 127.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro.

Polo exposto se informa favorablemente o proxecto e se somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Aprobar tecnicamente o proxecto “Ampliación de saneamento na parroquia de Bembrive” (2ª- Fase) cun presuposto base de licitación de 1.175.069,90 Euros (Un millón cento setenta e cinco mil sesenta e nove euros con noventa céntimos).

Acordo

A Xunta de Goberno aproba tecnicamente o devandito proxecto de “Ampliación de saneamento na parroquia de Bembrive” (2ª- Fase) cun presuposto base de licitación de 1.175.069,90 €.

24(951).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE BEADE. EXPTE. 40770/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 14.07.04, conformado polo concelleiro de Vías e Obras, que di o seguinte:

A Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia financia as obras do proxecto “ Ampliación do saneamento no rural de Vigo-Parroquia de BEADE”, dirixidas a través da Demarcación Sur de Augas de Galicia.

En data 30 de marzo de 2004 o xefe do servizo da Demarcación Sur de Augas de Galicia, a raíz das solicitudes das A.A.V.V., informa da necesidade da redacción dun proxecto que contempla ditas solicitudes.

En data 6 de abril de 2004 o Concelleiro Delegado de Vías e Obras solicita ao Sr. Presidente da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos dito proxecto, que foi remitido por CIISA empresa Consultora-Redactora do proxecto, a esta Concellería de Vías e Obras en xuño de 2004.

O obxecto do proxecto é o comentado de ampliación das obras de saneamento que se están a executar na Parroquia de Beade.

O proxecto foi redactado por CIISA e subscrito polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Patricio Aguilar Cabanillas.

O presuposto base de licitación ascende á cantidade de: 671.374,23 € (Seiscientos setenta e un mil trescentos setenta e catro euros con vintetrés céntimos), IVE incluído. O cadro de prezos é o mesmo co do proxecto orixinal.

O proxecto incorpora o correspondente estudio de Seguridade e Saúde dacordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de Outubro.

Para a redacción deste proxecto tívose en conta a normativa técnica que é de aplicación, ó reunir tódolos requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2000 de 16 de Xuño, no seu Regulamento Xeral.

No punto 12 da memoria maniféstase expresamente que o proxecto refírese a unha obra completa, susceptible de ser entregada ao uso público e posta en servizo ó remate das obras, dacordo co establecido nos artigos 125 e 127.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro.

Polo exposto, infórmase favorablemente o proxecto e se somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte, PROPOSTA:

Aprobar tecnicamente o proxecto "Ampliación do saneamento na Parroquia de BEADE-XUÑO 2004) cun presuposto base de licitación de 671.374,23 € (Setecientos setenta e un mil trescentos setenta e catro euros con vintetrés céntimos)

Acordo

A Xunta de Goberno aproba tecnicamente o devandito o proxecto "Ampliación do saneamento na Parroquia de BEADE-XUÑO 2004) cun presuposto base de licitación de 671.374,23 €

25(952).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE MELLORA DE COLECTOR DE CORUXO. EXPTE. 41731/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 14.07.04, conformado polo concelleiro de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data Xuño 2004 Aqualia empresa concesionaria dos servizos municipais de saneamento e abastecemento de auga, remite o proxecto de MELLORA DE COLECTOR DE CORUXO

O obxecto do proxecto e substituír o colector existente na xunqueira do Lagares por deficiencias non susceptibles de reparación no actualmente existente.

O proxecto foi redactado pola (Consultoría ESINPRO) en data xuño 2004

O presuposto base de licitación ascende á cantidade de 169.563,97 Euros (Cento sesenta e nove mil cincocentos sesenta e tres euros con noventa e sete céntimos), IVE excluído. O cadro de prezos unitarios é o aprobado a concesionaria para proxectos de inversións P.I.C.

O proxecto incorporo o correspondente estudio de Seguridade e Saúde dacordo co ó artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de Outubro.

Para a redacción deste proxecto se tivo en conta a normativa técnica que e de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2000 de 16 de Xuño, no seu Regulamento Xeral.

No punto 14 da memoria maniféstase expresamente que o proxecto esta referido a unha obra completa, susceptible de ser entregada ouso público e posta en servizo a conclusión das obras dacordo co establecido nos artigos 125 e 127.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro.

Polo exposto se informa favorablemente o proxecto e se somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Aprobar tecnicamente o proxecto de “Mellora de colector de Coruxo” cun presuposto base de licitación de 169.563,97 Euros (Cento sesenta e nove mil cincocentos sesenta e tres euros con noventa e sete céntimos).

Acordo

A Xunta de Goberno aproba tecnicamente o devandito proxecto de “Mellora de colector de Coruxo” cun presuposto base de licitación de 169.563,97 €.

26(953).-PROPOSTA DE ANULACIÓN DE SALDOS PENDENTES DE COBRO DO PRESUPUESTO DE INGRESOS (EXERCICIOS PECHADOS) CORRESPONDENTES A SUBVENCIONES E LIQUIDACIONES. EXPTE.7/2004.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Contabilidade, de 6.07.04, conformado pola interventora xeral e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno, acorda:

Anula-los saldos pendentes de cobro del Presupuesto de Ingresos (exercicios pechados), polos importes e conceptos seguintes:

| <u>AÑO</u> | <u>CONCEPTO</u> | <u>SUBVENCION</u> | <u>IMPORTE EUROS</u> |
|------------|-----------------|--------------------------------|----------------------|
| 2000 | 72100 | Ampliación servizo de acollida | 6.010,12 |
| 2000 | 42004 | Subvemción MAP PPC | 77.476.86 |
| 2000 | 76103 | Pavimento Fragoño | 2.751,31 |
| 2000 | 76103 | PAN Samil | 17.932.76 |
| 2000 | 76103 | Pavimento Avenida Florida | 12.555.2 |
| 2000 | 76102 | Mellora parque Sergio Saborido | 77.53 |
| 2000 | 72001 | Obras parque Sergio Saborido | 103.37 |

| | | | |
|------|-------|-------------------------------------|-----------|
| 2001 | 45525 | Mar de Vigo | 7.811.70 |
| 2001 | 45551 | Axudas escolarización | 18.030.36 |
| 2001 | 45526 | Inserción laboral desfavorecidos | 555.35 |
| 2001 | 76112 | PAM adec. instalaciones Samil | 2.815.80 |
| 2001 | 76113 | Movemento terras campo futbol | 14.424.29 |
| 2001 | 76108 | Acondicionamieno alameda de Matamá | 11.126.63 |
| 2001 | 76110 | Adquisición xogos infantis | 6.035.45 |
| 2001 | 42102 | Convenio INAP 2001 cursos formación | 35.299.32 |

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

27(954).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6145/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.07.04, o informe de Intervención Xeral do 13.07.04 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Educación, do 8.07.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, para a subvención das obras de construción da Escola Infantil Municipal “Costeira” de Saiáns” .

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA)

En Santiago de Compostela, de de 2004

REUNIDOS

Dunha parte a Excma. Sra. Pilar Rojo Noguera, actuando en representación da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, en virtude do seu cargo de conselleira, para o que foi nomeada polo Decreto 18/2003, do 18 de xaneiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

E doutra, D^a Corina Porro Martínez, actuando en representación do Concello de Vigo (Pontevedra), en virtude da súa condición de alcaldesa-presidenta da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ambalas dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

E X P O Ñ E N

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20º da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude, aprobouse a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais.

Que son áreas de actuación nas que se estrutura o sistema de servicios sociais, segundo o artigo 5.3 b), da antedita lei, as dirixidas á familia, infancia e mocidade.

Que por outra banda, polo Decreto 195/2003, do 20 de marzo, establécese que corresponde á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado o exercicio das competencias e funcións en materia de familia, infancia e menores, muller, xuventude, deportes e voluntariado, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e nos termos sinalados pola Constitución Española.

Que os concellos, como entes locais, en virtude do disposto nos artigos 25 e 26 da Lei de bases do réxime local, xa citada, e no artigo 21 da Lei galega de servicios sociais, teñen competencias e por conseguinte iniciativa propia, no eido dos servicios sociais.

Que a Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local en Galicia, establece no seu artigo 198 que a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre sí para a mais eficaz xestión e prestación de servicios da súa competencia, podendo a través dos mesmos coordinar a súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servicios da competencia dunha das partes, e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que con base legal na dita normativa, o Concello de Vigo (Pontevedra), pretende levar a cabo as obras de construción dunha gardería infantil, situada dentro dun edificio de servicios múltiples en Saiáns.

A segunda fase das obras, conta cun presuposto que ascende a cantidade de 420.979,99 euros. O concello declara non ter solicitadas nin concedidas axudas procedentes de administracións públicas competentes ou doutros entes públicos, para a construción da gardería infantil, situada dentro do edificio de servicios múltiples.

A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado considera oportuno participar no financiamento do custo do devandito investimento, imprescindible para a posta en funcionamento do centro, co fin de mellorar a asistencia ós diversos colectivos sociais do concello, especialmente a infancia, e lograr unha cobertura axeitada e o máis ampla posible de protección e apoio ás familias, contribuíndose así a cumprir cos obxectivos do programa de actuación da consellería.

Para o dito fin, a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado achegará a contía de cento cincuenta mil euros (150.000 €).

Que sendo concorrente o interese das dúas Administracións, resulta conveniente colaborar conxuntamente para levar a cabo as obras de construción dunha gardería infantil , situada nun edificio de usos múltiples en Saiáns, no Concello de Vigo (Pontevedra), polo que as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA

En concepto de axuda ó investimento, a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado comprométese a participar no financiamento das obras de construción dunha gardería infantil, situada nun edificio de usos múltiples en Saiáns, no Concello de Vigo (Pontevedra)

Para o dito fin achegará a cantidade de cento cincuenta mil euros (150.000 €), con cargo á aplicación presupostaria 14.02.212 D.760.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004.

A suma de tódalas aportacións e axudas a fondo perdido que puidera obter o concello asinante para o mesmo concepto e finalidade establecidos no presente convenio, non poderá superar o 100% do custo total do investimento. No dito suposto, a axuda outorgada pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado veríase minorada na cantidade que exceda da dita porcentaxe.

SEGUNDA

En cumprimento do establecido no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, o concello ten entre as súas obrigas as seguintes:

a) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, en relación coa axuda concedida e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

b) Comunicar á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público nacional ou internacional.

c) Así mesmo, deberá levar a cabo o procedemento de licitación e contratación das obras obxecto deste convenio.

TERCEIRA

Os pagos efectuaranse ó concello previa xustificación do investimento realizado, (as certificacións de obra deberán ser expedidas polo facultativo director das obras), xuntándose certificación do secretario da corporación que transcriba o acordo ou resolución da súa aprobación polo órgano competente.

No caso de existir financiamentos paralelos para a mesma finalidade, o concello deberá achegar un desglose das contías a abonar por cada unha das entidades financiadoras. Todo esto sen prexuízo da presentación doutro tipo de documentación legal ou regulamentariamente establecida.

As devanditas xustificacións de investimento realizado, deberán ser remitidas á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, antes do día 3 de novembro do ano 2004.

Así mesmo, en cumprimento do artigo 15.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o concello presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Non obstante o anterior, e por tratarse dunha axuda superior a 60.101,21 euros, seralle igualmente de aplicación o establecido no artigo 15.3 do citado Decreto 287/2000, respecto da comprobación por parte da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado do investimento realizado, antes do pagamento total do mesmo.

CUARTA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o cumprimento da finalidade nel establecida, que en ningún caso será posterior ó 31 de decembro do ano 2004.

QUINTA

O concello comprométese a facilitar á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, cando sexa posible segundo a programación que exista en cada momento, a utilización das instalacións do centro para a realización de actividades organizadas pola mesma, no ámbito das súas competencias.

Así mesmo, comprométese a que o centro permaneza aberto por horario amplo, durante alomenos 10 horas diarias ininterrompidas, durante 5 días á semana, 11 meses ó ano.

En toda a publicidade derivada da execución do presente convenio farase constar a colaboración da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia.

SEXTA

O seguimento da execución do presente convenio encoméndase á Secretaría Xeral da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado á que deberá ser remitida toda a documentación relativa ó mesmo.

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio, créase unha comisión mixta que estará integrada polo secretario xeral da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e o alcalde-presidente do concello.

En caso de discrepancia, e en última instancia, resolverán os órganos xurisdiccionais competentes.

SÉTIMA

Son causas de resolución do presente convenio, e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os intereses de demora devengados dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

- a) A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.*
- b) O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.*
- c) O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no mesmo.*
- e) O incumprimento das condicións impostas ó beneficiario da axuda.*

OITAVA

O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose, os seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos no Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.

Así mesmo, en canto lle sexa de aplicación, estarase ó disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e, igualmente, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

O tribunal competente para resolver as cuestións litixiosas que puideran xurdir, será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

28(955).- CONTRATACIÓN DE GRUPOS PARA O CICLO XOVEVIGO – FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2004. EXPTE. 1102/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas, do 7.07.04, conformado pola concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dos catorce grupos participantes no ciclo *XOVEVIGO* dentro das *Festas do Cristo da Victoria 2004*.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 32.764,20.-€, con cargo á partida 451.2.226.08.05, do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2004, en concepto da contratación dos referidos grupos e que se aboará á empresa *PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.*, CIF B-36.743.755.

3º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de *FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241*.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE GRUPOS
PARA O CICLO XOVEVIGO 2004*

Vigo, o xxxx de xxxxxxxx de dous mil catro.

Dunha parte D. IGNAZO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOZOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, C.I.F. P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza. do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. ÁNGEL ALBINO ESCARIZ PÉREZ, XERENTE e que actúa en nome da empresa PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L., con CIF B-36743755, e con domicilio na rúa Policarpo Sanz, 22- 2º, da cidade de Vigo, CP 36202; no sucesivo A AXENCIA.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebra-lo presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación dos catorce grupos que se relacionan no anexo, dentro do ciclo denominado XOVEVIGO 2004, no sucesivo O ARTISTA, entre os días 26 de xullo e 1 de agosto de 2004, ambos inclusive, ás 23 horas no recinto denominado praza do Rei, situado en Vigo. O ARTISTA efectuará unha actuación cunha duración mínima de 90 minutos.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se atope en poder de A AXENCIA debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCIÓN E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 28.245.-€ máis o 16% de IVE, o que fai un total de 32.764,20.-€, en concepto da actuación de O ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria á conta da entidade Caixanova, núm 2080 0103 48 0040004394, nos cinco días hábiles seguintes á finalización do ciclo, previa presentación de factura con sujeción ós requisitos que establece o Real Decreto 2402/1985, de 18 de decembro.

CUARTA.- Serán de conta de O CONCELLO tódolos gastos que se xeneren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pago de dereitos de autor, permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados, etc.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

AFORO

SEXTA.- O lugar da actuación é zona de acceso gratuito de aforo indefinido.

IMAXEN DO ARTISTA

SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por sí ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercancía ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proveerá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus aledáños, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, previa comunicación por escrito ao CONCELLO.

OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de grabación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistente en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ó espectáculo; polo que disporá dos pases necesarios ó lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO ten acordado o patrocinio deste ciclo coa marca CocaCola, coa autorización da AXENCIA.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.-O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto

de actuación e os seus aledaños, excepto no escenario e nas estruturas de sonido, co obxecto de evita-la asociación da imaxen de O ARTISTA cos colaboradores de O CONCELLO.

DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA resérvase o dereito de acordar o patrocinio da súa xira con calquera marca ou firma comercial, e poderá realizar todo tipo de actividade promocional en torno ó concerto ou como apoio a este nas datas previas ó mesmo.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, sendo da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ó ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan según o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicable.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ó escenario, estruturas e equipos de sonido e luces, zona traseira do escenario (“backstage”) e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bó desenvolvemento do espectáculo.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO responde da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino. A AXENCIA queda obrigada a declarar detalladamente ese material ó CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO porá a disposición de A AXENCIA o recinto da actuación dende as 12'00 horas do día da actuación ata TRES horas despois do final da actuación do ARTISTA.

DÉCIMO OITAVA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de disponibilidad, según as obrigas e condicións definidas para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

DÉCIMO NOVENA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, un ou varios dos espectáculos tiveran que suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade, e poderá decidirse unha nova data para a súa celebración.

VIXÉSIMA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender a actuación unilateralmente, O ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada de O ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte de O CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS

VIXÉSIMO SEGUNDA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte de O CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará ó ARTISTA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- As partes contratantes sométense ós Tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro Foro de Xurisdicción que poidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións poideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un so efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO TÉCNICO DIARIO

1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os elementos de escenario e equipos de son e iluminación necesarios.

2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, un escenario que reunirá as seguintes características:

Dimensións mínimas.- 10 m. de fronte, 10 m. de fondo e unha altura dende o chan de 0'90 m. O escenario non está cuberto.

Capacidade de carga.- 500 kg./m².

Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira e dunha rampa.

Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.

2.2. PLATAFORMAS DE SON.

O CONCELLO instalará dúas plataformas para o sistema de son coas seguintes características:

Dimensións.- 4 m. de fronte, 3 m. de fondo e 1'5 de alto.

Situación.- Adosadas a cada lado do escenario.

Capacidade de carga.- 750 kg./m².

3. VALADO.

O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:

ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m. do mesmo e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo algún para o servizo de orden, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que neste área tivera que encontrarse debidamente autorizado.

EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.- disporá de valado perimetral.

4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

As instalacións eléctricas para a celebración do espectáculo serán a cargo do CONCELLO e reunirán as seguintes características:

Potencia.- Unha toma de corrente nun cadro interruptor con diferencial e tódalas proteccións regulamentarias, tres fases (380 voltios), neutro e toma de terra (en tomas embornadas), para unha potencia de 70.000 watios.

Situación.- A pé de escenario.

As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

5. CAMERINOS.

O CONCELLO proveerá ó ARTISTA dun local a modo de camerino de uso exclusivo, aislado do público e próximo ó escenario. O camerino estará limpo e debidamente acondicionado e provisto dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, sillas, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Nadie alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá ós camerinos que estarán dispoñíbeles e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do ARTISTA ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato ós camerinos cando estes llo requiran.

6. "CATERIN".

O CONCELLO deberá subministrar no camerino do ARTISTA, dúas horas antes do comezo da actuación, o seguinte "caterin": auga mineral, refrescos e bocadillos variados, fruta variada.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral ós técnicos:

20 litros ó comezo da montaxe

10 litros ó comezo das probas de sonido

20 litros ó comezo da desmontaxe.

7. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

7.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO desinará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas coa actuación do ARTISTA.

A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsábel da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizable. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.

7.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de DEZ persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo e ata que os técnicos o indiquen; o equipo volverá a estar disponible inmediatamente despois do final da actuación para a carga.

7.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente no mesmo á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de sonido e durante a actuación. O resto do tempo no que esté vixente o contrato estará permanentemente localizable.

7.4. MANTENEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ó seu cargo do persoal e materiais adecuados.

7.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo do CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto.

8. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orden que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ó escenario, camerinos, “backstage”, equipos de sonido e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orden cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orden estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos representantes da AXENCIA e dos responsables do CONCELLO.

Dende trinta minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por OITO persoas identificables con acreditacións visibles e distribuído da seguinte maneira:

- 1 director do servizo de orden.
- 2 membros DETRÁS DO ESCENARIO.
- 2 membros DIANTE DO ESCENARIO.
- 2 membros NOS EQUIPOS DE SONIDO E ILUMINACIÓN.
- 1 membro NO “BACKSTAGE” e CAMERINOS.

O CONCELLO comunicaralle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orden, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores que correspondan segundo a legislación vixente en perfectas condicións.

9. ACTUACIÓN E ENSAIO.

9.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.

9.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estos ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

9.3. HORARIOS.

A actuación comezará con estricta puntualidade.

10. PUBLICIDADE.

DOSSIER ARTÍSTICO.-

FOTOGRAFÍAS.-

EDICIÓN DE MATERIAL COMPLEMENTARIO.

A AXENCIA editará 1.200 carteis anunciadores deste ciclo e encargarse da súa distribución. O deseño desta cartelería deberá contar coa conformidade previa do CONCELLO.

11. LUGAR DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do lugar e instalacións necesarios para a actuación que se describen neste documento.

Ambas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un so efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO DE GRUPOS

| | |
|-------------------------------|-------------------------------------|
| <i>Luns, 26 de xullo:</i> | <i>DIXIE TOWN / MR. WHIZ</i> |
| <i>Martes, 27 de xullo:</i> | <i>SONÁMBULOS / TRAVEL HATS</i> |
| <i>Mércores, 28 de xullo:</i> | <i>GLASSONION / THE MEIS MAKERS</i> |
| <i>Xoves, 29 de xullo:</i> | <i>APHRODITTE / LOS CASANOVAS</i> |
| <i>Vénres, 30 de xullo:</i> | <i>NIÑO Y PISTOLA / SILIKA</i> |
| <i>Sábado, 31 de xullo:</i> | <i>PSICOSONORA / NOSTROMO</i> |
| <i>Domingo, 1 de agosto</i> | <i>SERVANDO BARREIRO / REDEIRA</i> |

29(956).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO DE MANUEL SIRERA- FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2004. EXPTE. 1101/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas, do 7.07.04, conformado pola concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto do tenor MANUEL SIRERA, o día 24 de xullo, no auditorio de Castrelos dentro das *Festas do Cristo da Victoria 2004*.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 28.536.-€, con cargo á partida 451.2.226.08.05, do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa LÍRICA DEL SOL S.L., CIF B-83589051.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

4º.- Aprobar un prezo público de 6.-€, con asento, para cada unha das 3.000 entradas que se porán á venda para o concerto.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE
MANUEL SIRERA*

Vigo, o XXXX de XXXXXXXXX de dous mil catro.

Dunha parte D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza. do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte Dª. MARÍA LAGE PRIETO, NIF 36002596-Y, ADMINISTRADORA e que actúa en nome da empresa LÍRICA DEL SOL S.L., con CIF B-83589051, e con domicilio na avenida do Mirador, 71, chalet, da cidade de Pelayos de la Presa, CP 28696-Madrid; no sucesivo A AXENCIA.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes

*CLÁUSULAS
OBXECTO DO CONTRATO*

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación do tenor MANUEL SIRERA, no sucesivo O ARTISTA, o día 24 (vintecatro) de xullo de 2004, ás 23,00 horas no recinto denominado Auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos, situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará unha actuación cunha duración mínima de 90 minutos.

A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do ARTISTA, dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en toda as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCIÓN E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 24.600.-€ máis iva, o que fai un total de 28.536.-€, en concepto da actuación do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a favor da AXENCIA, a D^a MARÍA LAGE PRIETO, NIF 36002596-Y, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no recinto, tras a achega da factura conforme cos requisitos que establece o Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

AFORO E VENDA DE ENTRADAS

SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 3.500.- espectadores sentados; ademais existe outra zona de acceso gratuito de aforo "indefinido" e non controlado. O CONCELLO editará e porá á venda un total de 3.000.- entradas, ao prezo único de 6.-€, cada unha e será o beneficiario da total recaudación. Así mesmo, editará 300 invitacións, das que facilitará 50 á AXENCIA.

IMAXEN DO ARTISTA

SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co

ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, trala comunicación por escrito ao CONCELLO.

OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

O CONCELLO instalará dúas pantallas de reprodución de vídeo a ambos lados do escenario para retransmitir en directo toda a actuación do ARTISTA, o que coñece e acepta a AXENCIA.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desa actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.-O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA resérvase o dereito de acordar o patrocinio da súa xira con calquera marca ou firma comercial, e poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

DÉCIMO TERCEIRA.-O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 8,00 horas do día anterior á actuación ata seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá o CONCELLO.

SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o espectáculo tivese que se suspender, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidise suspender a actuación unilateralmente, O ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdicción que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO TÉCNICO

1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.

Así mesmo, e debido ás características do lugar de actuación e por tratarse dun recinto cun aforo de 20.000 persoas na grada, O CONCELLO instalará un reforzo de sonido de 16.000 wattios de potencia, en catro torres de “delay” situadas na liña de graderío.

2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, o escenario existente no recinto de actuación e que reúne as seguintes características:

Dimensións.- 20 m de fronte, 14 m de fondo e unha altura dende o chan de 1'80 m. O escenario estará cuberto no teito.

Capacidade de carga.- 750 kg/m².

Accesos.- O escenario estará provisto dunha saolida escaleira que comunique coa zona traseira de escenario (“backstage”).

Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.

Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de peso soportado pola cuberta é de aproximadamente 2.000 kg; en caso de querer volar os equipos de son, deberán presentarse certificados de carga dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido.

2.2. PLATAFORMAS DE SON.

O CONCELLO instalará as estruturas necesarias para os equipos de son.

2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)

Dimensións.- Así mesmo, a 25 m do escenario haberá unha plataforma de 8 m de fronte, 4 m de fondo e dous niveis, situados a 2 m e 5 m do chan

Situación.- A 25 m do punto central da embocadura do escenario.

Capacidade de carga.- 1.000 Kg/m2.

2.4. OUTROS.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA unha carreta elevadora con conductor durante a xornada do concerto. A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.

O CONCELLO facilitaralle, así mesmo, unha tarima de 1 m2 para o director da orquestra con atril, 35 atriles para músicos e 40 cadeiras para a orquestra sen reposabrazos.

3. VALADO.

O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:

ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.

EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.-

MERCADOTECNIA.-

O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.

4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA as instalacións eléctricas existentes no recinto de actuación e reunirán as seguintes características: 380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco según normas en vigor e dando 0 o voltaxe entre neutro e terra.

Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.

As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

5. CAMERINOS.

O CONCELLO proverá ao ARTISTA de dous camerinos individuais e tres colectivos, illados do público, praxinos ao escenario e con acceso directo a este, cunha capacidade total de 50 persoas.

Os camerinos estarán limpos, enmoquetados e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñibles e vixiados dende a chegada dos camiós do equipo do ARTISTA ata a fin da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.

6. "CATERIN".

O CONCELLO deberá subministrar no camerino do ARTISTA, dúas horas antes do comezo da actuación, o seguinte "caterin": auga mineral, refrescos e bocadillos variados, fruta fresca, té, café e infusións.

Tamén proverá de auga mineral aos técnicos, según o seguinte:

30 litros ao comezo das montaxes.

20 litros ao comezo das probas de son.

30 litros ao comezo das desmontaxes.

7. VEHÍCULOS.

Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.

O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de seis turismos, un autobús e os vehículos de son e luces que participen na produción do espectáculo.

O vehículo do ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario ("backstage") e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.

8. MERCADOTECNIA.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.

9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

9.1. RESPONSABLE DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como única interlocutora válida ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas coa actuación do ARTISTA.

A AXENCIA coñecerá por adinatado a identidade do/a responsable da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsable da produción estará permanentemente localizábel. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.

9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de CATRO persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 8,00 horas do día da actuación, e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga.

9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizable.

9.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.

9.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo do CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto: despacho de entradas, porteiros, runners...

10. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario (“backstage”), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsables do CONCELLO.

Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do

persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 12 persoas identificables con acreditacións visibles e distribuído da seguinte maneira:

1 director do servizo de orde.

2 membros DETRÁS DO ESCENARIO.

3 membros DIANTE DO ESCENARIO.

2 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.

2 membros NO “BACKSTAGE” e CAMERINOS.

2 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA

APARCADOIRO,

MERCADOTECNIA,...)

O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC

O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.

11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.

Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.

11.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

A actuación comezará con estricteza puntualidade.

A apertura de portas ao público producirase ás 21,00 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do ARTISTA.

12. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición de O CONCELLO, antes do día 19 de xullo de 2004 o seguinte material publicitario de O ARTISTA:

CARTEIS.- 500.

DOSSIER ARTÍSTICO.-5

FOTOGRAFÍAS.-5

A distribución da cartelería do ARTISTA será por conta do CONCELLO.

EDICIÓN DE MATERIAL COMPLEMENTARIO.

O CONCELLO editará unhas bandas para complementar a cartelería que conterán os datos da celebración do concerto (lugar, día, hora; prezo de venda das localidades).

13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.

Ambas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un sao efecto, no lugar e data indicados.

30(957).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO DE MAGO DE OZ – FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2004. EXPTE. 1105/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas, do 8.07.04, conformado pola concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dunha actuación do grupo *MAGO DE OZ*, o día 26 de xullo, no auditorio de Castrelos dentro das *Festas do Cristo da Victoria 2004*.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 52.042,24.-€, con cargo á partida 451.2.226.08.05 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa *PRODUCCIONES ARTÍSTICAS BOXER S.L.*, con CIF B-15808322

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

4º. Aprobar un prezo público de 6.-€, sen asento, para cada unha das 5.000 entradas que se porán á venda para o concerto.

PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE MAGO DE OZ

Vigo, o XXXX de XXXXXXXXX de dous mil catro.

Dunha parte D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, C.I.F. P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza. do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. JUAN JOSÉ FORMOSO RAPOSO, NIF 33.300.698-X, XERENTE e que actúa en nome da empresa PRODUCCIONES ARTÍSTICAS BOXER S.L., con CIF B-15808322, e con domicilio na rúa Franco, 4, 1º, do Concello de Arzúa, CP 15810; no sucesivo A AXENCIA.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación do grupo MAGO DE OZ, no sucesivo O ARTISTA, o día 26 (vinteseis) de xullo de 2004, ás 23,00 horas no recinto denominado Auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos, situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará unha actuación cunha duración mínima de 90 minutos.

A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do ARTISTA, dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en toda as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCIÓN E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 44.864.-€ máis iva, o que fai un total de 52.042,24.-€, en concepto da actuación do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a favor da AXENCIA, a D. MANUEL RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, NIF 35763481-E, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no

recinto, tras a achega da factura conforme cos requisitos que establece o Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

AFORO E VENDA DE ENTRADAS

SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 5.500.- espectadores sentados; ademais existe outra zona de acceso gratuito de aforo "indefinido" e non controlado. O CONCELLO editará e porá á venda un total de 5.000.- entradas, ao prezo único de 6.-€, cada unha e será o beneficiario da total recaudación. Así mesmo, editará 300 invitacións, das que facilitará 50 á AXENCIA.

IMAXEN DO ARTISTA

SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, trala comunicación por escrito ao CONCELLO.

OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

O CONCELLO instalará dúas pantallas de reprodución de vídeo a ambos lados do escenario para retransmitir en directo toda a actuación do ARTISTA, o que coñece e acepta a AXENCIA.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desa actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.-O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da image do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA resérvase o dereito de acordar o patrocinio da súa xira con calquera marca ou firma comercial, e poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

DÉCIMO TERCEIRA.-O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 8,00 horas do día anterior á actuación ata seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá o CONCELLO.

SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o espectáculo tivese que se suspender, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidise suspender a actuación unilateralmente, O ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdicción que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO TÉCNICO

1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.

Así mesmo, e debido ás características do lugar de actuación e por tratarse dun recinto cun aforo de 20.000 persoas na grada, O CONCELLO instalará un reforzo de sonido de 16.000 watios de potencia, en catro torres de “delay” situadas na liña de graderío.

2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, o escenario existente no recinto de actuación e que reúne as seguintes características:

Dimensións.- 20 m de fronte, 14 m de fondo e unha altura dende o chan de 1'80 m. O escenario estará cuberto no teito.

Capacidade de carga.- 750 kg/m².

Accesos.- O escenario estará provisto dunha saolida escaleira que comunique coa zona traseira de escenario (“backstage”).

Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.

Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de peso soportado pola cuberta é de aproximadamente 2.000 kg; en caso de querer volar os equipos de son, deberán presentarse certificados de carga

dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido.

2.2. PLATAFORMAS DE SON.

O CONCELLO instalará as estruturas necesarias para os equipos de son.

2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)

Dimensións.- Así mesmo, a 25 m do escenario haberá unha plataforma de 8 m de fronte, 4 m de fondo e dous niveis, situados a 2 m e 5 m do chan

Situación.- A 25 m do punto central da embocadura do escenario.

Capacidade de carga.- 1.000 Kg/m².

2.4. OUTROS.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA unha carreta elevadora con conductor durante a xornada do concerto. A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.

O CONCELLO facilitaralle, así mesmo, unha tarima de 1 m² para o director da orquestra con atril, 35 atriles para músicos e 40 cadeiras para a orquestra sen reposabrazos.

3. VALADO.

O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:

ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.

EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.-

MERCADOTECNIA.-

O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.

4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA as instalacións eléctricas existentes no recinto de actuación e reunirán as seguintes características: 380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco según normas en vigor e dando 0 o voltaxe entre neutro e terra.

Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.

As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

5. CAMERINOS.

O CONCELLO proverá ao ARTISTA de un camerino cunha capacidade de 10 persoas, illado do público, praximos ao escenario e con acceso directo a este. Ademais, un camerino para técnicos con capacidade de 12 persoas.

Os camerinos estarán limpos, enmoquetados e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñibles e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do ARTISTA ata a fin da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.

6. "CATERIN".

O CONCELLO deberá subministrarlle no camerino do ARTISTA, dúas horas antes do comezo da actuación, o seguinte "caterin": 3 caixas de auga mineral pequenas, 30 refrescos de cola, 130 cervezas e dez sen alcohol, 40 refrescos variados, 10 bebidas isotónicas, termos con café, leite e té, azúcar, 30 bocadillos, 6 quilos de fruta variada, 2 caixas de gazpacho, 2 tortillas de pataca, embutido, queixos variados, tres barras de pan, aceitunas recheas.

Tamén proverá de auga mineral aos técnicos, según o seguinte:

30 litros ao comezo das montaxes.

20 litros ao comezo das probas de son.

30 litros ao comezo das desmontaxes.

7. VEHÍCULOS.

Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.

O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de un minibús, dous turismos, unha furgoneta, un autobús, dous trailers e un camión que participen na produción do espectáculo.

O vehículo do ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario ("backstage") e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.

8. MERCADOTECNIA.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.

9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

9.1. RESPONSABLE DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como única interlocutora válida ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas coa actuación do ARTISTA.

A AXENCIA coñecerá por adinatado a identidade do/a responsable da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o

responsábel da produción estará permanentemente localizábel. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.

9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de VINTE persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 8,00 horas do día da actuación, e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga.

9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizable.

9.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.

9.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo do CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto: despacho de entradas, porteiros, runners...

10. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario ("backstage"), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsables do CONCELLO.

Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 12 persoas identificables con acreditacións visibles e distribuído da seguinte maneira:

1 director do servizo de orde.

2 membros DETRÁS DO ESCENARIO.

3 membros DIANTE DO ESCENARIO.

2 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.

2 membros NO "BACKSTAGE" e CAMERINOS.

2 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA
MERCADOTECNIA,...)

APARCADOIRO,

O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC

O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.

11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.

Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.

11.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

A actuación comezará con estricta puntualidade.

A apertura de portas ao público producirase ás 21,00 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do ARTISTA.

12. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición de O CONCELLO, antes do día 19 de xullo de 2004 o seguinte material publicitario de O ARTISTA:

CARTEIS.- 250.

DOSSIER ARTÍSTICO.-

FOTOGRAFÍAS.-

A distribución da cartelería do ARTISTA será por conta do CONCELLO.

EDICIÓN DE MATERIAL COMPLEMENTARIO.

O CONCELLO editará unhas bandas para complementar a cartelería que conterán os datos da celebración do concerto (lugar, día, hora; prezo de venda das localidades).

13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.

Ambas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un sao efecto, no lugar e data indicados.

31(958).- PROXECTO TÉCNICO DE DEMOLICIÓN PARCIAL E ANTEPROXECTO DE REMODELACIÓN INTERIOR DO EDIFICIO CAMBÓN. EXPTE. 1413/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

De conformidade coa proposta da Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o Proxecto técnico de demolición parcial do edificio CAMBÓN, conforme a documentación elaborada polo arquitecto municipal D. Alberto Abia Alonso.

2º.- Aprobar o anteprojecto de remodelación interior do edificio CAMBÓN, conforme a documentación elaborada polo arquitecto municipal D. Alberto Abia Alonso

3º.- Dar conta do presente acordo o equipo redactor do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Vello para o estudio e incorporación da documentación aprobada no citado Plan Especial.

32(959).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez